

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 26 de febreiro de 2007**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucía Molares Pérez  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D. Antonio Coello Buñil  
D. José Manuel Couto Pérez

**NON ASISTE:**

D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e vinte minutos horas do día vinte e seis de febreiro de dous mil sete e baixo a presidencia da Excm<sup>a</sup>. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(220).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión da sesión ordinaria do 5 de febreiro de 2007. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(221).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. 408/06 INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. ANA MARÍA ALONSO GULLÓN CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 20.11.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo desestimar e desestimo en parte a demanda, formulada por letrado D. Abraham Tenoria Reina, en nome e representación de Ana María Alonso Gullón, contra a resolución sancionadora de 4.07.06 pola que se impuxo á recorrente unha multa por importe de 301 €, recaída no expediente 068660006, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

**3(222).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. 407/06 INTERPOSTO POR DECON GALICIA S.A. CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 20.11.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo desestimar y desestimo en parte la demanda formulada por letrado D. Abraham Tenreira Reina, en nome e representación de Decon Galicia S.L., contra a desestimación presunta do recurso potestativo de reposición interposto contra a sanción de 301 € imposta por resolución de 22.06.06 no expediente 068660120, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

**4(223).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. 293/06 INTERPOSTO POR PATATAS RUBIO S.L. CONTRA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL. DESESTIMENTO.**

Dáse conta do auto de data 18.09.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda o seguinte:

Tense por desistido e apartado á demandante D<sup>a</sup>. Gemma Alonso Fernández, procuradora en nome e representación de Patatas Rubio S.L. da prosecución do presente recurso.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto do que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

**5(224).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. 458/243 INTERPOSTO POR D. RUBEN HERMIDA PERES E OUTRO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL. DESESTIMENTO.**

Dáse conta do auto de data 16.11.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda o seguinte:

Que debía acordar e acordaba ter á procuradora, M<sup>a</sup> Jesús Valencia Ulloa en nome e representación de Rubén Hermida Pérez Mapfre, por apartado e desistido na prosecución do presente procedemento.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto do que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

**6(225).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. 553/06 INTERPOSTO POR D. ANTONIO R. RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE EXECUCIÓN DE ACTO. REMATADO POR SATISFACCIÓN EXTRAPROCESUAL.**

Dáse conta da sentenza de data 5.12.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda o seguinte:

Tense por rematado o presente recurso do procedemento abreviado número 553/06 promovido pola procuradora María Auxiliadora Ruíz Sánchez en nome e representación de Antonio R. Rodríguez Fernández, que se declara rematado no seu actual estado. Sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

**7(226).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. 376/06 INTERPOSTO POR Dª LUCÍA ALVAREZ ABALDE E MAPFRE CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL. DESESTIMENTO.**

Dáse conta da sentenza de data 16.10.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda o seguinte:

Que debía acordar e acordaba ter á procuradora Dª. Mª Jesús Valencia Ulloa, en nome e representación de Mapfre e Lucía Alvarez Abalde, por apartado e desistido na prosecución do presente procedemento abreviado nº 376/06 que declara rematado no seu actual estado de trámite.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

**8(227).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. 346/06 INTERPOSTO POR D. DAVID OLIVEROS FERNÁNDEZ CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO.**

Dáse conta da sentenza de data 7.11.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva acorda o seguinte:

Declarar rematado o presente recurso contencioso-administrativo promovido polo letrado D. Abraham Tenreira Reina, en nome e representación de David Oliveiros Frenández, contra a sanción de 150 €, aboada con redución, imposta no expediente 068655976 pola suposta infracción de estacionamento en dobre fila cometida o 23.03.06, sen imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

**9(228).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 3/057, 3/1476, 3/1531, 1/1796.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- Dª. María Suceso Feito Bayos. Expte. 03/057.
- D. Anibal Piñeiro Amoedo. Expte. 3/1476.
- Dª. Hortensia Fernández Andrés. Expte. 3/1531.
- Dª. Mª Placeres Vieitez Cerdeira. Expte. 1/1796.

**10(229).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E CRUZ ROJA ESPAÑOLA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 19583/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 19.02.07, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a prorroga para o ano 2007 do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Cruz Roja Española para a prestación do servizo de Axuda no fogar, por un importe mínimo anual de 878.624,17 €, con un prezo unitario por hora efectiva de 14,88 e cun importe de 3,20€ por prestación de servizo fóra do núcleo urbano.

**11(230).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E CRUZ ROJA ESPAÑOLA PARA O PROGRAMA DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES “ENVELLECIMENTO SAUDABLE”. EXPTE. 19562/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 19.02.07, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a prorroga para o ano 2007 do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Cruz Roja Española para o programa de atención a persoas maiores “envellecemento saudable”, por un importe de 12.200,76€.

**12(231).- BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO-TEMPORADA 2006/2007. EXPTE. 6857/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 22.01.07, conformado pola concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as Bases para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo-Temporada 2006-2007. Autorizando un crédito de 900.000 € con cargo á partida 4521 489 00 00 do orzamento de 2007.

*Bases da convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo- temporada 2006-2007.*

*A Lei 11/1997, de 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, no seu artigo 13.1 sinala como competencia dos concellos a de fomentar e promover a actividade deportiva: Esta convocatoria vai a instrumentar o programa de subvencións a entidades deportivas sen fin de lucro. Con tal motivo e no marco das súas competencias o Concello de Vigo, a través do Servizo de Deportes, regula o acceso ás subvencións a través destas Bases e tal fin destina no seu orzamento do ano 2007 a cantidade de 900.000 Euros con cargo á partida orzamentaria “4521 489 00 00-Subvención a clubs e entidades sen fin de lucro” do presente orzamento.*

Por todo isto se convocan as subvencións para as entidades deportivas de Vigo para a temporada 2006-2007. A convocatoria destas subvencións se efectuará baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

#### Artigo 1. Lexislación aplicable.

A lexislación aplicable é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ó réxime xurídico das subvención, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xulio de 2006; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2007; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

#### Artigo 2. Obxecto, natureza e contía das axudas.

2.1. A presente convocatoria ten por finalidade promover en réxime de concorrencia competitiva a concesión de subvencións entre as entidades deportivas sen fin de lucro que reúnen os requisitos establecidos nesta Bases, co obxecto de fomentar o deporte e a práctica deportiva. Sendo o seu finalidade o outorgamento de subvención municipal, da actividade deportiva en xeral, das entidades deportivas de Vigo. Incluindo a participación en actividades deportivas así como a organización destas, durante a temporada 2006-2007.

2.2 Os gastos subvencionables corresponderán o funcionamento da entidade e gastos ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación o organización de actividades deportivas, os gastos de pagamento de licencias federativas, compras de material, viaxes, aloxamento e comidas, arbitraxes, adestradores, aluguer de instalacións deportivas, compas de material como balons, útiles deportivos, etc. En xeral son subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva para o cumprimento dos seus fins, durante a temporada 2006/2007. Exclúense os gastos por investimento en instalacións deportivas (obras).

2.3 As subvencións os clubs teñen un carácter único, e aínda que se valoran aspectos como a participación ou organización de eventos deportivos, se entende que o total da subvención é polos gastos xenerados pola actividades durante toda a temporada, servindo como xustificantes os gastos que se definen no apartado 2.2

2.4 A contía da subvención se determinará pola Xunta de Goberno Local consonte cos criterios de avaliación establecidos no artigo 12 das presentes Bases.

2.5 A entidade deportiva solicitante deberá declarar todas as subvencións que teña obtido ou solicitado para a temporada 2006-2007.

2.6 A subvención concedida se destinará exclusivamente a cubrir os gastos directamente relacionados coa actividade do club durante a temporada 2006-2007, e que se definen no apartado 2.2. A dita temporada comprende o período entre o 1 de novembro de 2006 ó 1 de xullo de 2007.

Os gastos de funcionamento da entidade (luz, augua, telefonía, ...) non poderán superar ó 10% da subvención concedida

2.7 En canto a subcontratación das actividades subvencionables estárase conforme o establecido no artigo 29 da LXS.

#### Artigo 3. Requisitos dos solicitantes e beneficiarios.

3.1. Poderán solicitar axudas á presente convocatoria os clubs deportivos, asociacións deportivas, e entidades deportivas que teñan o seu enderezo social en Vigo e que cumpran os requisitos que establece esta convocatoria. Asemade deben ter personalidade xurídica propia e sen finalidade lucrativa.

En relación coa modalidade de fútbol sala poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

3.2 Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

\*As federacións deportivas.

\*Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.

\*Os clubs de fútbol sala que non teñan, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

\*Os clubs que por calquera causa se retirasen da competición oficial durante a tempada 2005-2006 ou 2006/2007

3.3 As entidades deberán estar integradas nas competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de club ou equipo profesional.

3.4 Os solicitantes para obter a condición de beneficiarios deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 13 da LXS. En consecuencia ós solicitantes se lles esixirá unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recolle os apartados 2 e 3 do artigo 13 da citada LXS.

#### Artigo 4. Financiamento da convocatoria.

O financiamento das axudas e subvencións concedidas ó amparo destas Bases, será con cargo á partida orzamentaria do orzamento para 2007 – 4521 489 00 00- Subvención a clubs e entidades sen fin de lucro, por un importe total de (900.000 Euros). En todo caso esta cantidade pode ser ampliada seguindo a tramitación necesaria.

A efectividade desta contía adicional queda condicionada á declaración de dispoñibilidade de crédito, e no seu caso, previa aprobación da modificacións que procedan no expediente de gasto antes da resolución da concesión

#### Artigo 5. Formalización das solicitudes e documentación.

5.1 Comprende a instancia de solicitude e os distintos cuestionarios de solicitude e a documentación requirida nestas Bases. Os cuestionarios de solicitude, os impresos de solicitude e demais documentación se atopan a disposición dos interesados nas oficinas do Servizo de Deportes do Concello de Vigo, Praza do Rei s/n. 10ª planta.

5.2. A instancia de solicitude estará dirixida a Concelleira Delegada da Área de Promoción Economía e Desenvolvemento Local. A formula o representante legal da entidade peticionaria e se presentará no Rexistro Xeral do Concello de Vigo; ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.

5.3. A cada exemplar de instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación.

A) Modelos dos Cuestionarios e certificados de solicitude correspondentes do anexo I.

B) Datos referentes á actividade da entidade deportiva, nº de equipos, categorías, actividades que organizan e actividades nas que teñen previsto participar, deportistas, etc.

C) Certificado da federación correspondente do número de equipos federados en cada categoría e do número de licencias en cada categoría.

D) Certificado do secretario da entidade do orzamento de ingresos para a temporada 2006/07

E) Certificado do secretario da entidade do orzamento de gastos para a temporada 2006/07

F) Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante.

G) Certificado de estar o corrente do pagamento coas obrigas tributarias do Concello de Vigo, o IMD a Seguridade Social e Axencia Tributaria e coa facenda autonómica.

H) Fotocopia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.

I) Tódolos datos referidos ó enderezo, código postal, etc.

j) Acreditación doutras axudas públicas concedidas para financiar ás actividades polas que solicita a presente subvención.

k) Declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 13 da citada LXS

#### Artigo 6. Prazo de presentación.

O prazo para presentar as solicitudes, a esta convocatoria, será de 30 días naturais computando o dito prazo dende a súa publicación no BOP de Pontevedra.

#### Artigo 7. Subsanación da solicitude.

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presenta convocatoria, o Servicio de Deportes como órgano Instructor do procedemento, requirira ao solicitante para que no prazo de 10 días naturais, contados a partir da recepción da notificación, complete a documentación ou amañe a falla, con advertencia de que se non o fixera, se lle terá por desistida a súa solicitude, e archivarase o expediente.

#### Artigo 8. Avaliación e proposta de resolución.

8.1 A avaliación das solicitudes presentadas a esta convocatoria, se realizará mediante un proceso interno de avaliación conforme establece a LXS, por un órgano colegiado composto polo concelleira de Deportes, un técnico e un auxiliar administrativo da área. Local.

8.2 O Servicio de Deportes fará a proposta, debidamente motivada, á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación do órgano colegiado, e tendo en conta os criterios e baremos que figuran no artigo 12. Os datos a baremar corresponderán as actividades da temporada 2006/2007.

8.3 O Servicio de Deportes elevará a proposta de resolución a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución non poderá exceder de seis meses, a partir da publicación da convocatoria no BOP de Pontevedra.

8.4 No caso de que as solicitudes nesta temporada 2006-2007 exceda o crédito destinado a este programa, o Servicio de Deportes axustará proporcionalmente a totalidade das subvencións ata encaixalas no crédito do ano 2007. O cálculo se realizará multiplicando cada unha das cantidades polo coeficiente corrector que resulte.

Artigo 9. Aceptación e obrigas que comportan a concesión de subvención.

9.1 A aceptación por parte dos adxudicatarios da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvención a entidades sen fin de lucro.

9.2 O órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

9.3 Son obrigas do beneficiario:

- a) Cumprir todas as normas establecidas nas Bases da convocatoria
- b) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- c) Deberán empregar o distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan.
- d) Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.
- e) En todas as publicacións, carteis, rótulos...etc, é indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo” como entidade financiadora.

9.4 Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo a través dos seus servicios municipais, poderá comproba-lo correcto destino da subvención, procedendo no suposto de non se-lo prefixado, á revocación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar do Concello de Vigo novas peticións. Igualmente actuará coas solicitudes que non presenten os xustificantes en tempo e forma.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte dos adxudicatarios das obrigas sinaladas no dito artigo 14 da LXS

Artigo 10. Xustificación das axudas

10.1 A resolución da Xunta de Goberno Local seralles notificada ós interesados. Para tramita-lo pago do importe da subvención concedida, terán que achegar, a seguinte documentación:

A.- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

B.- Xustificantes (facturas orixinais que deberán recolle-lo número de CIF, a data, o número de factura e o IVE correspondente) dos gastos relacionados no apartado 2.2 do artigo 2 das presentes bases. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. neste sentido non se admitiran facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas se computara o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que este exenta de IVE, os xustificantes corresponderán a tempada 2006/2007 definida no punto 2.6, e deberán recoller a conformidade co servicio prestado, por parte da entidade deportiva

C.- Os cuestionarios e documentación, debidamente cumprimentada que figura no anexo II destas Bases (Modelos para a xustificación).

D.- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación co outorgamento da subvención.



E.- Unha relación detallada e actualizada doutros ingresos ou subvencións que teñan financiado a actividades subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia

10.2 Ningunha entidade deportiva adxudicataria das subvencións, poderá percibir, mentres teña débedas por calquera concepto co Concello de Vigo e os seus organismos autónomos. A tal efecto presentarán certificado no que conste estes extremos.

10.3 No caso de non presenta-la documentación deste apartado, o expediente de subvención será revocado coa conseguinte perda da subvención.

10.4 A presentación de xustificantes en ningún caso excederá o prazo do 5 de decembro de 2007. En caso contrario perderase o dereito a percibir a axuda. Non obstante o anterior a Xunta de Goberno Local poderá ampliar o prazo destas xustificacións se ocorreran excepciónais debidamente acreditadas.

10.5 O persoal técnico do Servicio de Deportes será o encargado do seguimento da execución das subvencións, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

Artigo 11. Reintegro das contías percibidas:

As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da LXS.

Artigo 12. Baremo e criterios de avaliación.

O baremo e criterios para avaliar as solicitudes desta convocatoria é o seguinte:

1.-Fútbol.

3 división	3.600 Euros
Rexional preferente	2.800 Euros
1ª Rexional	1.150 Euros
2ª Rexional	1.100 Euros
3ª Rexional	550 Euros
División de honra xuvenil	4.450 Euros
Liga nacional xuvenil	1.020 Euros
Liga Galega xuvenil	510 Euros
División de honra cadete	570 Euros
Outras categorías	180 Euros

Participación en campionatos, actividades, etc. Ata un máximo de 6.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade.

Organización de actividades e colaboración co sistema deportivo municipal. Ata un máximo de 6.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade, Número de máximo de participantes

## 2.-Fútbol sala.

Os clubs de fútbol sala para ser avaliados deberán ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

<i>Outras categorías superiores</i>	<i>1.500 Euros</i>
<i>Autonómica feminina</i>	<i>1.170 Euros</i>
<i>Autonómica sur</i>	<i>990 Euros</i>
<i>Provincial</i>	<i>540 Euros</i>
<i>Local división de honra</i>	<i>225 Euros</i>
<i>Local 1ª</i>	<i>180 Euros</i>
<i>Local 2ª</i>	<i>150 Euros</i>
<i>Outras categorías</i>	<i>150 Euros</i>

*Alugamento de instalacións, subvención do 50%. Ata un máximo de 1.800.- Euros*

*Participación en campionatos, actividades, etc. Ata un máximo de 5.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade.*

*Organización de actividades e colaboración co sistema deportivo municipal. Ata un máximo de 5.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade, Número de máximo de participantes*

## 3.-Baloncesto.

<i>Nacional</i>	<i>5.100 Euros</i>
<i>Autonómica</i>	<i>1.500 Euros</i>
<i>Sénior masculino e feminino</i>	<i>500 Euros</i>
<i>Xuvenís masculino e feminino</i>	<i>240 Euros</i>
<i>Outras categorías</i>	<i>180 Euros</i>

*Alugamento de instalacións, subvención do 50%. Ata un máximo de 1.800 Euros.*

*Participación en campionatos, actividades, etc. Ata un máximo de 6.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade.*

*Organización de actividades e colaboración co sistema deportivo municipal. Ata un máximo de 6.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade, Número de máximo de participantes.*

## 4.-Balonmán.

<i>1ª Nacional</i>	<i>5.100 Euros</i>
<i>2ª Nacional</i>	<i>1.500 Euros</i>
<i>Sénior masculino e feminino</i>	<i>500 Euros</i>
<i>Xuvenís masculino e feminino</i>	<i>240 Euros</i>

Outras categorías	180 Euros
-------------------	-----------

Alugamento de instalacións, subvención do 50%. Ata un máximo de 1.800 Euros.

Participación en campionatos, actividades, etc. Ata un máximo de 6.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade,

Organización de actividades e colaboración co sistema deportivo municipal. Ata un máximo de 6.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade, Número de máximo de participantes

#### 5.-Outras modalidades.

As modalidades que poidan avaliarse ben por equipos ou por nº de licencias, se aplicará o criterio máis vantaxoso para a entidade.

#### 5 A.- Deportes colectivos

Seniors - Xuvenís	240 Euros
Cadetes	210 Euros
Infantís	180 Euros
Alevins – Benxamíns	150 Euros

#### 5 B.- Deportes individuais

Seniors - Xuvenís	30 Euros /Lic.	Máximo 360 Euros
Cadetes	24 Euros/Lic	Máximo 312 Euros
Infantís	18 Euros/Lic	Máximo 252 Euros
Alevins – Benxamíns	12 Euros/Lic	Máximo 180 Euros

Na modalidade de ximnasia rítmica avaliarase coa cantidade de 4.800 Euros ó club que ostente a máxima categoría, en cada momento.

#### 5 C.- Aspectos comúns para o apartado outras modalidades.

Alugamento de instalacións, subvención do 50%. Ata un máximo de 1.800 Euros.

Participación en campionatos, actividades, etc. Ata un máximo de 6.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade.

Organización de actividades e colaboración co sistema deportivo municipal. Ata un máximo de 6.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade, Número de máximo de participantes.

#### 6.-Entidades de elite (Clubs de elite).

✓ Pola categoría na que participa.

- Máxima categoría – 30.000 Euros
- Categoría anterior – 18.000 Euros
- Categoría anterior – 12.000 Euros

*Polo alugamento de instalacións ata un 50% ata un máximo de 6.000 Euros*

*Polos desprazamentos fora da cidade ata un máximo de 30.000 Euros*

*Por participación en actividades deportivas ata un máximo de 30.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, Pola importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade.*

*Organización de actividades deportivas municipal. Ata un máximo de 30.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, Pola importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade, Número de máximo de participantes*

#### CRITERIOS COMUNS PARA TODAS AS MODALIDADES

*Pola potenciación do deporte feminino ata un máximo de 12.000 euros. Terase en conta as actuacións que se desenvolvan en favor do deporte feminino, con especial relevancia dos deportes que teñan un marcado carácter masculino.*

*Pola difusión da imaxe deportiva da cidade. Ata un máximo de 6.000 euros, terase en conta a colocación e inserción do logo institucional do Concello de Vigo, tanto na equipaxe como nos elementos deportivos. Avaliarase tanto ós clubs que teñan o logotipo da imaxe de marca do Concello de Vigo na temporada 2006-2007, como os que adquiren compromiso por escrito da colocación na temporada 2007-2008. Para a avaliación terase en conta as características de cada modalidade deportiva.*

### **13(232).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO ARTISTA D. JOSÉ MARÍA BARREIRO GÓMEZ PARA A INSTALACIÓN DUNHA ESCULTURA NUN ESPAZO PÚBLICO DE VIGO. EXPTE. 10095/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 16.02.07 e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 14.01.07, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo e o artista José María Barreiro Gómez, NIF 35196548Y, polo que se acorda instalar a escultura monumental do citado autor nun espazo público da cidade de Vigo; a cesión realízase de forma gratuíta por un período de tres anos e o Concello asume os traslados, montaxe e restauración de posibles danos. Ao remate do período de depósito o Concello tería opción preferente para a adquisición da escultura por un importe de 100.000 €, máis IVE.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO ARTISTA JOSÉ MARÍA BARREIRO PARA INSTALACIÓN DUNHA ESCULTURA NUN ESPAZO PÚBLICO DE VIGO*

Dunha parte, a Excm. Sra. Dna. CORINA PORRO MARTÍNEZ, Alcaldesa de Vigo, provista de DNI num. \_\_\_\_\_

Pola outra, D. JOSE MARIA BARREIRO GÓMEZ, provisto de DNI 35196584Y, con enderezo en O Burgo-Santa María de Cela 20, Bueu (Pontevedra)

Dna. Corina Porro Martínez, comparece na súa condición de Alcaldesa de Vigo, en nome e representación do mencionado Concello e en cumprimento do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa reunión de data \_\_\_\_\_

D. José María Barreiro Gómez, comparece no seu propio nome e dereito.

Ambalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para levar a cabo o presente Convenio de Colaboración e a tal efecto,

#### EXPOÑEN

1º.- Que D. José María Barreiro Gómez é autor e propietario da obra escultórica “Ventos do Mar”, confeccionada a súa estrutura en aceiro naval grado A, cun espesor de 40, 30, 25 e 15 mm. , rematada en distintas cores, cunha hélice de aceiro inox. con casco e rodamentos, alto de 8,835 metros, ancho máximo de 4,500 metros, ancho mínimo 1,797 metros, ancho medio 2,799 metros, altura total con peaña 9,435 metros e un peso total de 10.000 quilos, según consta nas fotografías e datos aportados polo autor; estando en disposición de proceder á súa cesión temporal para a súa exposición nalgún espazo público do Concello de Vigo durante un determinado tempo, e mesmo, de ser o caso, de proceder á súa venda ao referido Concello ao remate do tempo de cesión temporal se así o acordasen as partes asinantes deste convenio.

2º.- Que o Concello de Vigo, dentro da súa política de promoción cultural, está, a súa vez, interesado na exposición da referida escultura nun espazo público a determinar dentro do seu territorio coa fin de facer posible o acceso do vecindario da cidade e dos nosos visitantes aos bens culturais producidos por prestixiosos artistas plásticos galegos.

A tal efecto, as partes comparecentes, na representación coa que actúan, acordan levar a cabo un convenio de colaboración con suxección ás seguintes

#### CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- D. José María Barreiro Gómez, comprométese a por á disposición do Concello de Vigo, de forma gratuíta, a obra escultórica denominada “Ventos do mar”, escultura realizada en aceiro naval de grado A, de 8,835 metros de alto, un ancho máximo de 4,500 metros e un peso de 10.000 quilos, da que é autor e propietario e da que achega fotografías e datos, coa fin de que o Concello proceda á súa instalación nun espazo público dentro do seu territorio para a súa exposición durante tres anos.

SEGUNDA.- O Concello de Vigo comprométese á instalación da referida escultura nalgún espazo público do Concello a concretar polos técnicos do Concello coa aprobación do artista, correndo por conta do Concello os gastos derivados do traslado da mesma e a súa instalación.

Durante o período de cesión da escultura o Concello de Vigo non terá que asumir gastos polo seu mantemento, excepto un posible repintado, de ser necesario, con aportación da pintura por parte do autor; en caso de danos á

*escultura o Concello de Vigo asumirá a súa restauración, baixo a dirección do seu autor. Cando remate a vixencia deste convenio o Concello asumirá o traslado e depósito da escultura no lugar de orixe ou no seu entorno próximo.*

*TERCEIRA.- O presente convenio terá unha vixencia de tres (3) anos, dende o mesmo día da súa sinatura e non será prorrogable.*

*Ao remate do prazo o Concello terá, durante tres meses, un dereito preferente para decidir se lle interesa adquirir en propiedade a referida escultura ao prezo de 100.000 (cen mil) euros, máis o IVE. Tamén neste caso a localización definitiva da escultura nun espazo público realizarase de acordo co autor.*

*CUARTA.- O Concello de Vigo designará aos técnicos municipais que estudarán o emprazamento da escultura e realizarán a dirección do proceso de transporte e instalación que garanta a seguridade respecto á mobilidade, bens e persoas. O servizo de Patrimonio municipal rexistrará o depósito da escultura, a efectos de inventario e de repercusión patrimonial da cesión que asumirá o Concello de Vigo.*

*QUINTA.- Durante o período de depósito da escultura, o Concello de Vigo poderá reproducir a imaxe da obra “Ventos do Mar” na difusión ou promoción da cidade en tipo de soporte impreso, audiovisual, dixital, etc. e en calquera ámbito xeográfico, sen límite de tiraxe ou copias, e en produtos gratuítos ou non, informando ao autor previamente.*

*SEXTA.- Créase unha Comisión de Seguimento deste convenio, constituída polo autor e propietario da escultura, D. José María Barreiro Gómez, e o concelleiro-delegado de Cultura.*

*En proba da súa conformidade, as partes comparecentes, na representación coa que actúan, asinan o presente convenio por triplicado en Vigo, \_\_\_\_\_*

**14(233).- ASISTENCIA Ó “IX CURSO MASTER DISTIC-AL” DOS TÉCNICOS DE SISTEMAS D. ANTONIO VILLANUEVA GUIMERÁNS E D. JOSÉ FRANCISCO MOURELLE GONZÁLEZ. EXPTE. 2780/113.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Informática, do 7.02.07, conformado pola concelleira delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

*O Instituto Nacional de Administracións Públicas (INAP) convocou o “IX Curso Master en Dirección de Sistemas y Tecnologías de la Información y las Comunicaciones en su versión a distancia para la Administración Local (DISTIC-AL).”*

*Este máster, do cal se achega a documentación, supón ó curso mais completo, en canto a novas tecnoloxías se refire, para funcionarios de Administración Local. O feito de que sexa a distancia permite o cumprimento axeitado das obrigas laborais dos participantes.*

*Este curso permite realizar o seguimento á constante evolución que se está a producir no ámbito de las tecnoloxías da información e das comunicacións, e o cada vez mais importante grao de integración que se require entre as diferentes administracións aí coma o desenvolvemento da Administración-electrónica.*

A calidade deste curso e o número limitado de prazas, 20 para todo o territorio nacional, fai do feito de que funcionarios de esta administración fosen aceptados para realizalo unha oportunidade única para este Concello no canto a formación dos seus técnicos.

A duración do máster e de 3 anos e a matrícula e asumida polo Ministerio de Administracións Públicas.

Nas especificacións das características do máster prevense unha serie de xornadas presenciais o longo do ano. Estas xornadas destínanse tanto a realización de exames como a impartición de clases. O número e as datas das sesións presenciais non están fixados no momento do inicio do máster. A estimación é de una xornada por cada mes e medio de curso.

Unha vez obtida a aceptación das instancias presentadas polos funcionarios Antonio Villanueva Guimeráns e José Francisco Mourelle González, por parte do INAP, considerase convinte a asistencia ó mesmo dos citados funcionarios (técnicos de sistemas).

Os devanditos funcionarios dispoñen de crédito horario suficiente para a asistencia o mesmo, conforme o contido no artigo 16 a), do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores do Concello de Vigo

En relación ó exposto, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Autorizar ós funcionarios Antonio Villanueva Guimeráns con número de persoal 78152 e José Francisco Mourelle González con número de persoal 78151 a realización do “IX Curso Master en Dirección de Sistemas y Tecnologías de la Información y las Comunicaciones en su versión a distancia para la Administración Local (DISTIC-AL)”, así como a asistencia as xornadas presenciais a celebrarse durante o mesmo.

Posto que, no momento actual, descoñécese o número de sesións presenciais así como as datas das mesmas, farase o expediente de gasto individual correspondente para cada unha delas, sempre unida a existencia de crédito nas partidas correspondentes ou nas posibles vinculacións:

CONCEPTO	PARTIDA
Desprazamentos	1217 2310000
Dieta manutención	1217 2300100

Debido o carácter plurianual do curso, cada ano realizaranse os correspondentes expedientes de gastos para poder levar a cabo a asistencia as xornadas presenciais.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **15(234).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS:**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da xefa da Área de Mobilidade e Seguridade, conformados polo concelleiro-delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

- a) ANCO VIVIENDA S.L. EXPTE. 73048/210.

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 27 de abril de 2005 por ANCO VIVIENDA, S.L, con CIF B-36.947257, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa VALLADOLID, N° 7, por non producirse danos.

b) CONTRUCCIONES HERMANOS SANZ 2000 S.L. EXPTE. 73049/210.

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 23 de febreiro de 2005 por CONSTRUCCIONES HERMANOS SANZ 2000, SL, con CIF B-36.361.731, por un importe de 6.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa FALPERRA, 44, por non producirse danos.

c) PROMOCIONES POZA REAL S.L. EXPTE. 73050/210.

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 3 de novembro de 2005 por PROMOCIONES POZA REAL, S.L, con CIF B-36.811.537, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa MARTIN LAGO, 4, por non producirse danos.

#### **16(235).- ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIGO Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN QUE PROMOVE A ACCESIBILIDADE NO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO QUE DESENVOLVE O IMSERSO E A FEMP.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Área de Mobilidade e Seguridade, do 14.02.07, conformado polo concelleiro-delegado de dita Área que di o seguinte:

- *En data 13 de setembro de 2006 por parte do Concello, dirixiuse escrito á FEMP no cal se solicitaba a adhesión do Concello de Vigo ao proxecto de promoción de accesibilidade no transporte público urbano que desenvolve o IMSERSO e a FEMP e informábase á citada Federación sobre a próxima incorporación ao servizo de transporte urbano da cidade de 6 autobuses marca IRISBUS IVECO, de 12 m. de plataforma baixa con rampa eléctrica; 2 autobuses marca MAN, de 10 m., de plataforma baixa con rampa eléctrica e 2 autobuses articulados marca MAN de plataforma baixa con rampa eléctrica, todos eles con aire acondicionado e con rótulos matriciales informativos, adxuntando, asímesmo, toda a información solicitada.*

- *Según escrito de data 28 de decembro de 2006 do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a FEMP, a Comisión de seguimento do Convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a FEMP, aprobou na súa reunión de data 13 de decembro de 2006, a proposta de adhesión presentada polo Concello de Vigo, acordando apoiar a incorporación de 1 autobús articulado, 4 autobuses estándar e 1 pequeno á flota do transporte regular para o cal o IMSERSO aportará un total de 54,091,08 €, solicitando a ratificación da solicitude de Adhesión ó convenio mediante o instrumento de adhesión firmado, así como a remisión de determinada documentación.*

Polo exposto sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local o seguinte ACORDO

- *Aproba-la adhesión do Concello de Vigo ó Convenio de colaboración suscrito o 26 de maio de 2006, polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Federación Española de Municipios e Provincias, pola promoción da accesibilidade no transporte por autobús, polo cal se incorporan 10 autobuses accesibles á flota (6 autobuses de 12 m, 2 autobuses de 10 m e 2 autobuses articulados), dos cales 6 (1 autobús articulado, 4 estándar e 1 pequeno) son asignados para recibi-la aportación de 54,091,08 €.*



- Dar traslado do presente Acordo á Intervención municipal para a toma de razón.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(236).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA DE IGUALDADE E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN DO PROGRAMA “SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA”. EXPTE. 2797/224.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 20.02.07, conformada pola concelleira de Muller a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a solicitude de subvención ó abeiro da orde do 31 de xaneiro de 2007, da Vicepresidencia de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia, publicada no DOG núm. 27, do 7 de febreiro de 2007, polo que se convocan as axudas para o financiamento total ou parcial do mantemento e realización de programas e investimentos destinados á prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais, para o programa específico de muller: “Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia”, por un importe de 129.431 €.

2º.- Dar conta da presente solicitude de subvención ao Pleno da Corporación Municipal.

**18(237).- ASISTENCIA Ó I CONGRESO DE TRADUCCIÓN PARA A DOBRAXE DA TÉCNICA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA D<sup>a</sup>. LAURA IGLESIAS RODRÍGUEZ. EXPTE. 596/334.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da técnica do Servizo de Normalización Lingüística, do 15.02.07, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

Prestar conformidade á asistencia ao congreso da técnica de Normalización Lingüística de cara á aprobación dun libramento a xustificar por importe de 45 €, con cargo á partida 4633.16.20000 do vixente presuposto, a nome da funcionaria Laura Iglesias Rodríguez, NIF 36 157 519-R, que será ingresado na conta habilitada de Tesourería 2080/0000/72/0040287905, para facer fronte aos gastos derivados da formalización da matrícula.

**19(238).- PROPOSTA PARA REVOGAR A SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO SOCIOCOMUNITARIO NO ANO 2006 CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN BENÉFICA BEIRAMAR. EXPTE. 3016/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Xestión de Participación Cidadá, do 19.02.07, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de 18 de setembro pasado, adoptou o acordo de conceder entre outras, á Asociación Benéfica Beiramar, con CIF G-36.634.608 a subvención de 1.215,50 €, para as actividades “Voluntariado. Exposición de Pintura Unha ollada a Galicia”, dentro do Programa de subvencións para o fomento de actividades de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario para o ano 2006.

Polo Servizo de Participación Cidadá e en documento de saída núm. 14.251 de 18/09/06 comunicóuselle á citada Asociación o acordo de concesión, establecendo no mesmo os prazos de xustificación da proposta, de acordo coa base 11ª da convocatoria.

En documento 60123218 de 23/11/06 recíbese conta xustificativa da subvención outorgada, na que se aprecien múltiples defectos.

Co gallo de que procedan a subsanación dos defectos padecidos, remítese o 01/12/2006 carta con acuse de recibo de 05/12/2006, rogándolle completen e emenden os citados defectos, requiríndolle á súa vez para que o realicen no prazo de 10 días, tal como figura nas bases que rexen a convocatoria.

Con data 15/12/2006, recíbese o documento 60132147, que incorpora memoria das actividades e fotocopias compulsadas de facturas para achegar á conta xustificativa.

Examinada a citada documentación apreciase que as copias veñen sen acompañar os orixinais para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, e nos que se inclúen facturas que non teñen vinculación coas actividades subvencionadas ou gastos de mantemento. Deste xeito, en escrito con rexistro de saída núm. 21.190 de 21/12/2006 reitéraselle novamente para que no termo de 10 días a contar desde a súa recepción, completen e emenden os defectos sinalados. Dito escrito, foi remitido con aviso de recibo, sendo recollido na citada asociación o pasado 26 de decembro de 2006.

Por último, en documento 70014371 de 30/01/07 recíbese nova documentación que non completa a conta xustificativa consistente unicamente en simples tiquets de caixa, sen asinar nin identificar.

Establecida na base 11.2. que rexen o Programa de subvencións para o fomento de actividades de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario para o ano 2006, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de 27.03.06:

“Xustificación: Se no exame da documentación presentada, esta se atopa incompleta ou figuran defectos, concederáse á entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días naturais para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales sen efectuar esta, se lles tería por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común”.

Polo exposto, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1º.- Revocar o acordo de concesión da subvención á ASOCIACIÓN BENEFICA BEIRAMAR, con CIF G-36.634.608, por importe de 1.215,50 €, que con cargo á partida 4631.489.00.00 tiña por obxecto subvencionar as actividades “Voluntariado. Exposición de Pintura Unha ollada a Galicia”, dentro do Programa de subvencións para o fomento de actividades de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario para o ano 2006.

Contra o citado acordo poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo de un mes, que se entenderá desestimado se transcorre outro sen contestarse; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, como se prevé nos supostos previstos no art. 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa (tras modificación pola Lei 19/2003, de 23 de decembro), no prazo de dous meses.

*Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderase interpoñer directamente dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo.*

*En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición enténdese desestimado.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **20(239).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DUN DISPOSITIVO DE ATENCIÓN Á INFANCIA E FAMILIA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 17534/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 12.02.07, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Fundación Aldaba” o concurso para a contratación dun dispositivo de atención a infancia e a familia do Concello de Vigo, expte. 17534/301, por un prezo anual do contrato de 475.150 euros. Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 26.12.2006 e a oferta presentada.

#### **21(240).- EXPEDIENTE PARA A SUBHASTA DE VEHÍCULOS PARA CHATARRA (136 VEHÍCULOS). EXPTE. 1652/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 13.02.07, conformado polo xefe da Área de contratación e Novos Proxectos e o concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Allear para chatarra 136 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir-las seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- O prezo mínimo será de 13.427 euros, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionar-las bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presentalo xustificante do abono do prezo.

2º.- Allear para chatarra a seguinte depositada no Parque Central de Servizos:

- 500 kgs. aprox. de retales de cable de cobre illado (a pesaxe efectuarase co cable no seu estado actual , polo que a retirada do illamento e outros procesos serán a cargo do adxudicatario.
- 300 kgs. aprox., coas mesmas indicacións que o anterior.
- 200 kgs. aprox. de carcacas de luminarias do alumeadado público de aluminio

- 20.000 kgs. aprox. de chatarra de ferro, tales como báculos do alumado público defectuosos, barandillas, etc.
- Vehículos fóra de servizo
 

PO-6316-J	Tara 9.840 kgs.
PO-9584-BS	Tara 8.900 kgs.
PO-6175-O	Tara 8.130 kgs.
PO-6106-O	Tara 11.190 kgs.

Neste caso o adxudicatario deberá face-los trámites correspondentes para a súa baixa na Xefatura de Tráfico e demais trámites obrigatorios para o desguace, correndo os custos ó seu cargo. Unha vez fetiso presentará unha copia da baixa en Tráfico na oficina do Parque Móbil.

Os ofertantes aportarán prezos para a retirada de cada unha destas partidas, tendo en conta que serán ó seu cargo os custos de seccionamento, carga, temas administrativos, etc.

A pesaxe efectuarase no Parque Central utilizando a báscula das instalacións.

A retirada das chatarras realizarase entre as 9.00 e as 14.00 horas, agás que se autorice polo Parque Central un horario diferente por razóns xustificadas.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

**22(241).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA EDICIÓN DUNHA GUÍA CIDADÁ DE SERVICIOS MUNICIPAIS. EXPTE. 1140/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 23.01.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 25.01.07, conformado pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autoriza-lo gasto 21.500 euros euros para a prestación dos servizos de edición dunha Guía Cidadá de Servizos Municipais que se imputarán á partida presupuestaria 4631 2260202 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 16-01-2007 e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de edición dunha Guía Cidadá de Servizos Municipais.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

**23(242).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE RODAS PARA VEHÍCULOS E MAQUINARIA MUNICIPAIS EXERCIZOS 2007-2008. EXPTE. 4794/445.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 7.02.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 8.02.07, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, o concelleiro da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 35.000 euros/ano euros para a subministración de rodas para vehículos e maquinaria municipal para os anos 2007-2008 que se imputarán á partida presupuestaria 1212.214.00.00 do vixente presuposto e do ano 2008.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 01.02.07 e o prego de prescripción técnicas para a subministración de rodas para vehículos e maquinaria municipal para os anos 2007-2008.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

#### **24(243).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de intervención xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe de negociado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Devolver a EL CORTE INGLÉS S.A. a fianza por importe de 26.037,34 € constituída para responder da subministración de vestiario para o persoal municipal xa que foi recibido conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1318/241.

b) Devolver a AGRUPCONSA S.L. a fianza por importe de 14.072,26 € constituída para responder de acopios de materiais para acondicionamento do Chalet Atalaia xa que foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1495/241.

c) Devolver a TAELO S. COOP. a fianza por importe de 637,54 euros constituída para responder do mantemento da rede trunking xa que foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1501/241.

d) Devolver a INDEZA S.L. a fianza por importe de 5.791,29 euros constituída para responder da remodelación da planta baixa do Concello (calefacción e refrixeración) xa que as obras foron recibidas por se executaren conforma as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. EXPTE. 1660/241.

#### **25(244).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “COSTEIRA DE SAIÁNS”. EXPTE. 6251/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial do Servizo de Contratación, do 2.02.07, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

*Por parte do servizo de educación remiten o expediente de contratación do servizo da escola infantil municipal “Costeira de Saians”, para que se revise o prezo do contrato e se proceda a efectuar a prorroga do mesmo.*

*A Xunta de Goberno Local, en sesión 18 de abril de 2005, acordou adjudicar a Eulén Servicios Sociosanitarios, S.A.”, a prestación da Xestión do servizo da escola infantil municipal “Costeira” de Saians, por un importe anual*

de 168.336,00 euros. Ademais adxudícase un máximo de 12.000,00 euros para a novación de materiais non inventariables precisos para a nova etapa da Escola Infantil.

A posibilidade de revisión de prezos do contrato aparece recollida na cláusula 3º do prego de cláusulas administrativas ( X.G.L. de 13 de decembro de 2004), que recolle o seguinte:

“Procederá a primeira revisión de prezos transcurrido un ano dende a data de inicio do contrato, e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no periodo comprendido entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas ( 24 de xaneiro de 2005).

As seguintes revisións faranse transcorrido un ano dende a inmediata anterior e recollerán a variación que experimente o IPC nacional no periodo comprendido entre a data de revisión de prezos e a da revisión inmediata anterior”.

A vista do anterior, e dado que na cláusula 4º do contrato administrativo, manifesta que á vixencia do contrato comenará o día 1 de setembro de 2005, e a data de apertura de proposicións foi o 24 de xaneiro de 2005, o prezo de adxudicación deberaselle aplicar o incremento do IPC do periodo xaneiro 2005/agosto de 2006, que segundo datos facilitados polo INE foi de 6,6%.

O prezo revisado do contrato, polo tanto será o produto de aplicarlle ó prezo de adxudicación -168.336,00 euros -, o incremento do 6,6 %, resultando a cantidade de 179.446,18 euros.

Todoos cálculos do informe foron realizados considerando o IVE engadido no prezo contractual.

Polo exposto, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL DESTE CONCELLO, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte **A C O R D O**

Primeiro.- Aprobar a primeira revisión do prezo do contrato de xestión da Escola Infantil Municipal, “Costeira” de Saians, adxudicado a Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A., por acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de abril de 2005, establecendo o mesmo, para a segunda anualidade do contrato na cantidade de 179.446,18 euros, a partir do 1 de setembro de 2006.

Segundo.- Apobar a prorroga do contrato a partir do 1 de setembro de 2007, conforme o estipulado no prego de condicións e contrato administrativo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **26(245).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO. EXPTE. 5958/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 2.02.07, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

*Por parte do servizo de educación remiten o expediente de contratación da xestión da Escola Municipal de Teatro, para que se revise o prezo do mesmo.*

*A Xunta de Goberno Local, en sesión de 25 de outubro de 2004, acordou adxudicar a Imaxineria, S.L., os lotes 1,2,3, e 4, do concurso para a xestión da Escola Municipal de teatro do Concello de Vigo, por un prezo respectivo de 10.505; 15.812; 10.556 e 11.828 euros, conforme os pregos aprobados para a adxudicación do concurso ( X.L.G. De 12 de xullo de 2004), e a oferta presentada.*

*Na cláusula 4º do contrato administrativo asinado entre as partes, de data 25 de novembro de 2004, establece que o prazo do contrato terá unha duración de dous anos, contado dende o 1 de outubro de 2004.*

*A posibilidade de revisión de prezos do contrato, está recollida na cláusula 3, do prego de calaúsulas administrativas que rexeu a contratación, na que está recollido que procederá a revisión de prezos transcurrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no periodo que medie entre a data de revisión de prezos e a de apertura de proposicións económicas.*

*A Xunta de goberno Local, en sesión celebrada o 10 de abril de 2006, adoptou o acordo, en referencia a esta contratación, de aprobar un novo prezo contractual anual de 50.405,53 euros, resultado de aplicar o prezo contratctual o IPC de outubro 2004/2005, así mesmo tamén acordou aprobar a prorroga do contrato entre o 1 de outubro de 2006 e o 30 de setembro de 2007.*

*A vista do anterior, deduce-se que a revisión de prezos do contrato solicitada polo servizo de educación, refírese a anualidade cúa prorroga se aprobou, é decir 1 de outubro de 2006 a 30 de setembro de 2007, que sería o resultado de aplicarlle ó prezo vixente ( 50.405,53 euros), o IPC de outubro de 2005/2006, que según datos facilitados polo INE foi de 2,5%.*

*O prezo revisado ascenderá a cantidade anual de 51.665,67 euros.*

*Polo exposto, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PREVIO INFORME DE INTERVENCIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE A C O R D O*

*Aprobar a revisión de prezos do contrato de xestión da Escola Municipal de Teatro, adxudicada pola Xunta de Goberno Local de data 25 de outubro de 2004, a IMAXENERIA, S.L., establecendo o mesmo, no periodo de prorroga comprendido entre o 1 de outubro de 2006 e o 30 de setembro de 2007 ( X.G.L. De 10/04/06), na cantidade de 51.665,67 euros.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**27(246).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 171.509,90 € POLO CONCEPTO DE PÓLIZA DE SEGUROS COLECTIVOS CONCERTADA COA COMPAÑÍA ASEGURADORA “LA ESTRELLA”. EXPTE. 18019/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de intervención xeral do 14.02.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do

22.12.06, conformado por técnica de Admón. Xeral e o concelleiro delegado, ambos de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar a Correduría de Seguros "Aón Gil y Carvajal", en concepto de indemnización substitutiva pola póliza de seguro de Vida de Colectivos, que esté concello tiña contratada ata o 1 de setembro de 2006 coa compañía Aseguradora la Estrella, xa que ata data dita Compañía está cubrindo de forma satisfactoria a cobertura dos riscos derivados da mesma, a cantidade de 171.509,90 euros, correspondendo este importe a prima do seguro de referencia, polo período setembro 2006/2007.

**28(247).- EXPEDIENTE SANCIONADOR Á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DO MERCADO DE TRAVESAS POLA COMISIÓN DUNHA INFRACCIÓN TIPIFICADA COMO MOI GRAVE. EXPTE. 17608/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do concelleiro delegado de Patrimonio, do 7.12.07, que di o seguinte:

*Primero.- O instructor do expediente, en data 6.11.2006 formulou proposta de resolución proponendo: "1º.- Impoñer á Asociación de Empresarios do Mercado de Travesas unha sanción de 4.210,09 euros pola comisión dunha infracción moi grave, tipificada nº 11 do apartado 2 da cláusula XIII do Prego de Condicións que rexeu o Concurso para a Concesión da Xestión e a Explotación dos Mercados Municipais (aprobado por acordo plenario de 30 de novembro de 1993), ao realizar obras sen autorización municipal no edificio do Mercado Municipal das Travesas. 2º.- Requerir á Asociación de Empresarios do Mercado de Travesas para que, no prazo de tres meses, procedan á demolición das obras executadas e non autorizadas, debendo axustar o edificio do Mercado ás obras previstas no proxecto de remodelación redactado polo Arquitecto Ricardo Salgado Salgado e autorizado pola Xunta de Goberno Local o 9 de febreiro de 2004. Con apercibimento, no caso de incumprimento, da posíbel declaración de caducidade da concesión (art. 136 do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais)."*

*Segundo.- A Asociación de Empresarios do Mercado de Travesas, presenta alegacións o 28.11.2006 á proposta, solicitando se decrete que non cometeu infracción algunha das previstas no prego de condicións que rexe a concesión administrativa, e a eliminación do apartado 2º da propsta de resolución notificada.*

*Terceiro.- Examinadas as alegacións formuladas pola concesionaria nas que basea a súa solicitude, en modo algun desvirtúan a fundamentación xurídica da proposta de resolución dictada.*

*Tal e como resulta do procedemento instruído, consta acreditado que dita asociación levou a cabo obras no mercado municipal das Travesas sen a previa e preceptiva autorización do Concello de Vigo, como propietario do inmóbel, nin estas atópanse incluídas nas autorizadas no acordo da Xunta de Goberno local de 9.02.2004.*

*A execución de ditas obras non autorizadas constitúen un ilícito administrativo que determina o deber do exercicio da facultade sancionadora polo Concello, de acordo co réxime xurídico que rexe a concesión, sen que para elo se requira a previa adopción de acordo algun sobre ditas obras. A mera presentación dun proxecto reformado no rexistro da Xerencia municipal de Urbanismo, e tramitado por este como reformado do proxecto de obras autorizado, non lle é lícita para a súa execución sen a autorización expresa do Concello, e mais en supostos como o presente nas que as obras recaen nunha propiedade de titularidade pública, integrante do dominio público municipal.*



*A concesionaria tiña que ter presentado e solicitada autorización ao Concello para o proxecto reformado, tal e como fixo no seu día co proxecto de obras autorizado pola Xunta de Goberno Local o 9.02.2004, e en ningún caso executalas sen autorización expresa. Cumpre lembrar as facultades relativas ao dominio público ou ao servizo público, nunca se entenden estimadas por silencio administrativo, senon todo o contrario, o silencio sempre ten efectos desestimatorios (art. 43.2 LRXAP e PAC), polo que aínda, no hipotético caso de que se poidera entender que mediante a presentación do reformado ante outro organismo público (xerencia de urbanismo) igualmente interesaba a autorización do Concello, esta atoparíase desestimada tacitamente por silencio, e en ningún caso faculta ao concesionario para executar as obras.*

*Conseguentemente, a tramitación do expediente sancionador, non só está máis que xustificada, senon que ao contrario suporía unha deixación das facultades e deberes desta administración, fronte a actos tan graves como os feitos pola concesionaria sobre unha propiedade pública, carentes de autorización tanto do Concello como da Xerencia de Urbanismo, e que deu lugar, neste último caso, á incoación doutro expediente para a protección da legalidade urbanística.*

*Finalmente, resulta inadmisíbel o alegado pola concesionaria, na que estima desproporcionado, contraria ao interese xeral e antieconómico, o requerimento para adaptar as obras ao proxecto orixinalmente autorizado.*

*A medida non só é proporcionada senon que responde á legalidade e ao interese xeral, e mais tratándose de obras que afectan ao dominio público e, en parte, non permisíbeis. Que poida resultarlle ou non a medida, antieconómica á concesionaria, non é unha cuestión que lle exima do seu cumprimento. A concesionaria, terá que asumir o coste económico do seu cumprimento e, no seu caso, indemnizar ao Concello e aos usuarios do mercado dos danos e prexuízos causados. (art. 22 RD 1398/1993 Regulamento do procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora).*

*En canto á posíbel declaración de caducidade da concesión, é unha sanción prevista no Prego de Condicións na comisión de infraccións moi graves. O apercibemento da súa declaración, axústase ao disposto no art. 136 do RSCL, ao sinalar que, a declaración de caducidade, no suposto de infracción gravísima do concesionario ( e a execución de obras sen autorización municipal no edificio do mercado consta tipificada como infracción moi grave no Prego de Condicións), require a previa advertencia ao concesionario, con expresión das deficiencias que houberan de motivala, poidéndose declarala cando transcorrido un prazo prudencial non se tivesen corrixidas as deficiencias advertidas imputábeis ao concesionario.*

*Cuarto.- Polo exposto procede, que a Xunta de Goberno Local preste conformidade á proposta de resolución emitida polo instructor do expediente en data 6.11.2006 e consequentemente acorde:*

*1º.- Impoñer a Asociación de Empresarios do Mercado de Travesas unha sanción de 4.210,09 euros pola comisión dunha infracción moi grave, tipificada nº 11 do apartado 2 da cláusula XIII do Prego de Condicións que rexeu o Concurso para a Concesión da Xestión e a Explotación dos Mercados Municipais (aprobado por acordo plenario de 30 de novembro de 1993), ao realizar obras sen autorización municipal no edificio do Mercado Municipal das Travesas.*

*2º.- Requerir á Asociación de Empresarios do Mercado de Travesas para que, no prazo de tres meses, procedan a demolición das obras executadas e non autorizadas, debendo axustar o edificio do Mercado ás obras previstas no Proxecto de remodelación redactado polo Arquitecto Ricardo Salgado Salgado e autorizado pola Xunta de Goberno Local o 9 de febreiro de 2004. Con apercibimento, no caso de incumprimento, da posíbel declaración de caducidade da concesión (art. 136 do Decreto de 17 de xullo de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais).”*

## Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Impoñer a Asociación de Empresarios do Mercado de Travesas unha sanción de 4.210,09 euros pola comisión dunha infracción moi grave, tipificada nº 11 do apartado 2 da cláusula XIII do Prego de Condicións que rexeu o Concurso para a Concesión da Xestión e a Explotación dos Mercados Municipais (aprobado por acordo plenario de 30 de novembro de 1993), ao realizar obras sen autorización municipal no edificio do Mercado Municipal das Travesas.

2º.- Requerir á Asociación de Empresarios do Mercado de Travesas para que, no prazo de tres meses, procedan a demolición das obras executadas e non autorizadas, debendo axustar o edificio do Mercado ás obras previstas no proxecto de remodelación redactado polo Arquitecto Ricardo Salgado Salgado e autorizado pola Xunta de Goberno Local o 9 de febreiro de 2004. Con apercibimento, no caso de incumprimento, da posíbel declaración de caducidade da concesión (art. 136 do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais).

## **29(248).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. BEGOÑA RODRÍGUEZ CABADA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 436/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 14.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

### *Antecedentes:*

*Dna. Begoña Rodríguez Cabada presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de decembro de 2004, no que expón que o día 30 de novembro de 2004, mentres camiñaba pola rúa Alonso Ojeda, á altura do número 16, tivo unha caída, por mor da falta dunhas baldosas, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 04/01/2005, confirmando a falta de baldosas no lugar.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.214,25 euros.*
- *Práctica de proba testifical, con data 22/09/2005, a unha das testemuñas propostas pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Rodríguez, indicando que a falta de lousas podía verse a unha distancia de vinte metros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 03/10/2005, que non formula alegacións.*

### *Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por*

*estas, de toda lesión que sufran en cualquiera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Constátase no expediente a existencia dun dano individualizado e avaliábel economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estrano á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.*

*No presente suposto, contátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa no que se di que ocorreu a caída. Tamén que, tal e como testifica a testemuña proposta, nese intre era de día, a visibilidade era boa e, tal e como di e o corroboran as fotografías achegadas ó expediente, o defecto era perfectamente visíbel en condicións normais de circulación: “Ya a veinte metros, si te vas fijando en el suelo, ves que faltan las plaquetas”. Polo tanto, non era un defecto ou trampa oculta e a solicitante é unha persoa de mediana idade da que non consta ningunha merma das súas facultades, polo que resulta que Dna. Begoña Rodríguez Cabada non controlou o seu propio deambular, propiciando esta circunstancia a súa caída.*

*Terceiro.- Consonte co anterior, e con independencia de non resultar acreditada a realidade de todos os danos que se reclaman, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Begoña Rodríguez Cabada por unha caída ocorrida o día 30 de novembro de 2004 na rúa Alonso Ojeda, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **30(249).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. MANUELA PINTOS REAL DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 453/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 15.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dna. Manuela Pintos Rial presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 30 de decembro de 2004, no que expón que o día 22 de decembro de 2004, mentres camiñaba pola rúa Sanjurjo Badía, tivo unha caída ó saír da panadería ubicada no nº 77, por mor dunha focha existente na beirarrúa, caíndo e producíndose danos de carácter físico e material.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 25/01/2005, no que confirman a existencia do desperfecto na beirarrúa e que este non estaba sinalizado nin era consecuencia da realización de obras no lugar.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.650,63 euros.*
- *Práctica de proba testifical, con data 16/06/2005, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os feitos alegados pola Sra. Pintos.*
- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante con data 07/07/2005, que non formula alegacións.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito*

do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando réune o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- Non obstante, tal e como manifesta a solicitante, esta saía da panadería sita na rúa Sanjurjo Badía nº 77 cando tivo lugar a caída, e de conformidade coa proba testifical practicada, un ve as baldosas soltas ó saír da panadería e é un bloque visíbel pero si alguén vai cargado con bolsas é difícil velo. Tendo en conta así mesmo que o accidente tivo lugar de día e pola mañá, o defecto era visíbel, as condicións normais de circulación e tránsito non constituíndo un defecto ou trampa oculto, e a accidentada é unha persoa de mediana idade da que non consta ningunha merma das súas facultades, polo que resulta acreditado que Dna. Manuela Pintos Rial non controlou o seu propio deambular, propiciando esta circunstancia a súa caída.

Non é óbice o anterior que a interesada tivese bolsos nas súas mans, como manifesta sen posibilidade de defensa, ó ter as mans ocupadas, feito que probabelmente incidiu, como ela mesma afirma, na entidade das súas lesións, por canto non se lle pode imputar á Administración esta circunstancia, en todo caso, a mesma tería que lle competer a prestar unha maior atención e control do seu camiñar.

Cuarto.- Consonte co anterior, e con independencia de non resultar acreditada a realidade de todos os danos que se reclaman, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Manuela Pintos Rial por unha caída ocorrida o día 22 de decembro de 2004 na rúa Sanjurjo Badía, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **31(250).- RECLAMACIÓN DE D. MANUEL SILVA COSTAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.456/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 15.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

D. Manuel Silva Costas presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de xaneiro de 2005, no que expón que o día 23 de decembro de 2004, mentres camiñaba pola rúa Progreso, tivo unha caída ó pisar un alcorque afundido ó que lle faltaba a correspondente árbore, caíndo e producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 22/12/2004, no que indican teren recibido varias queixas de viandantes sobre os alcorques da zona, que supoñen un perigo para os peóns.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 10/03/2005, manifestando que os alcorques estaban e estiveron ubicados na beirarrúa de varias rúas humanizadas e que, con ou sen plantas, son suficientemente visíbeis a grande distancia e evitábeis gardando a dilixencia debida.
- Copia da acta de recepción das obras de humanización que afectaron a zona, con data 19/12/2003.
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante con data 21/04/2005, que non formula alegacións.

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliabel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Sobre esta base, D. Manuel Silva Costas reclama a responsabilidade do Concello por unha caída nun alcorque ó que lle faltaba unha árbore, que tivo lugar o día 23/12/2004. Achega parte de asistencia en urxencias da mesma data.

Das actuacións seguidas no expediente, dedúcese que non está suficientemente xustificado o nexos causal entre a caída que relata e o funcionamento dun servizo da Administración, por canto:

- Non hai informe da Policía Local, nin de ningunha testemuña da caída no día e lugar mencionados. No expediente hai un parte da Policía Local de data 22/12/2004, isto é, dun día anterior ó da caída, no que manifestan que de recorrido pola zona recibiron varias queixas de viandantes sen identificar, polos alcorques, sen referirse á persoa concreta nin a ningunha caída.
- Así mesmo, no expediente hai copia da data de recepción de obras de peatonalización e humanización do contorno de Príncipe de 19/12/2003, que fai constar que as obras foron realizadas e atópanse en perfecto estado de conservación e funcionamento, sen que se presenten vicios exteriores.
- Hai tamén informe do servizo de Vías e Obras que di que con plantas ou sen elas son suficientemente visíbeis a gran distancia e evitábeis guardando a dilixencia debida.

Non acreditado polo tanto nin a caída na data e lugar sinalados, nin que foi a consecuencia do funcionamento dun servizo público, nin tampouco defectos ocultos na beirarrúa do lugar sinalado, procede indicar que en aplicación da doutrina reiterada do Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/00, 160/06 e 294/06), foi a propia negligencia da vítima a que, co seu defectuoso deambular, causou tal accidente, sen que corresponda ningunha responsabilidade a esta Administración.

Terceiro.- Consonte co anterior, e con independencia de non resultar acreditada a realidade da caída no lugar e data indicados, procede non estimar a pretensión e recoñecemento de responsabilidade patrimonial, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por D. Manuel Silva Costas por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **32(251).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> CARMEN BOUZAS CARREIRA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 460/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 14.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

Dna. Carmen Bouzas Carreira presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de xaneiro de 2005, no que expón que, mentres camiñaba pola rúa Pi y Margall, á altura do número 30, tivo unha caída por mor dunha baldosa defectuosa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 30/06/2005, manifestando que na data da inspección do informe non se observaron anomalías na beirarrúa onde ocorreu o accidente.
- Informe do servizo da Policía Local, con data 18/07/2005, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que non formula alegacións mais presenta documentación con data 03/08/2005.

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- No expediente, constátase a presenza dun dano causado á solicitante. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliabel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e



realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Analizando, polo tanto, as actuacións seguidas no expediente, dedúcese que non se atopa debidamente xustificado o nexos causal entre a caída e o funcionamento dun servizo desta Administración, por canto:

- Non hai informe da Policía local nin de ningunha testemuña da caída alegada;
- De conformidade co informe do servizo de Vías e Obras, na rúa sinalada non se aprecian defectos nin desperfecto ningún, o que se acredita coas fotografías ó respecto.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por Dna. María Carmen Bouzas Carreira por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **33(252).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ MIGUEL VILAS GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 463/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 15.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*D. José Miguel Vilas González e Dna. Guadalupe Montero Villanueva presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de xaneiro de 2005, polos danos físicos sufridos polo seu fillo, Adrián Vilas Montero, de 7 anos de idade, que o día 28 de decembro de 2004 sufrira unha agresión doutro neno na Ludoteca Municipal sita na rúa López Mora, caendo e golpeándose a cabeza contra unha mesa.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do departamento de Xuventude, con data 07/02/2005, que manifestan que o menor Adrián Vilas, mentres xogaba con outros nenos, recibiu un empurrón e caeu golpeándose cunha mesa.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 172,70 euros.*
- *Evacuase trámite de audiencia ós reclamantes con data 16/05/2005, que non formulan alegacións.*

#### *Fundamentos de dereito:*

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- No expediente consta acreditada a existencia dun dano, avaliado economicamente, polo que cómpre analizar, de conformidade co que dispón o artigo 139 da Lei 30/1992, así como o artigo 2 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial, a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento dun servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Terceiro.- Son feitos probados no expediente que o neno Adrián Vilas Montero, de 7 anos de idade, cando se atopaba na ludoteca da Casa da Xuventude de Vigo, segundo informe da súa responsábel, ó xogar con outros nenos, un deles empurrouno por detrás, sendo isto parte do xogo, e o neno perdeu o equilibrio, caendo e golpeándose na cabeza cunha mesa. A informante califica o suceso como accidente totalmente fortuito.

O funcionamento do servizo do que responde a Administración será aquel que se pode controlar por medios normais e razoábeis, e o nexo causal entre a actuación administrativa e o dano ten que ser directo, inmediato e exclusivo. Ademais é doutrina xurisprudencial consolidada (STS 20/06/2000) a que sostén a exoneración da responsabilidade da Administración, a pesar do seu carácter obxectivo, cando é a condutga do propio perxudicado ou a dun terceiro a única determinante do dano producido, por canto a causa determinante do dano é allea á prestación do servizo pola Administración.

Sendo este o caso, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración coa subseguente indemnización, por non resultar acredita a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por D. José Miguel Vilas González, en nome e representación do menor Adrián Vilas Montero, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **34(253).- RECLAMACIÓN DE D. MIGUEL ANGEL RODRÍGUEZ ANTÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 464/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 14.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*D. Miguel Ángel Rodríguez Antón presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de xaneiro de 2005, no que expón que o día 7 de xuño de 2004, mentres camiñaba pola rúa Aragón, á altura do número 203, tivo unha caída por mor dunha rotura na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 24/01/2005.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.489,02 euros.*
- Práctica de proba testifical, con data 14/06/2005, ás testemuñas propostas polo reclamante, que confirman os extremos alegados polo Sr. Rodríguez.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 18/01/2006, no que indican que o desperfecto apreciase a unha distancia de 10 metros.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 22/06/2006.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliábel economicamente.*

*No expediente constátase a existencia dun dano e este é avaliábel economicamente. O solicitante reclama a cantidade de 5.228 euros por 87 días de incapacidade e curación das lesións sufridas na caída. Non obstante, hai no expediente un ditame da asesoría médica do Concello que di “Dada la torcedura de tobillo derecho que precisó de inmovilización con bota de yeso durante un mes, considero que precisaría de 45 días de incapacidad total y 45 días de incapacidad parcial, sin que le resten secuelas al alta” e valora os danos corporais en 3.489,02 euros.*

*Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.*

*Neste caso constátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa o día da caída, na que a focha no que interesado tropezou non era a única existente, senón que das fotografías achegadas obsérvase un deterioro xeral. Ademais tal e como manifestan as testemuñas na proba practicada ó efecto era de día, había boa visibilidade e víase perfectamente; unha das testemuñas inclusive afirma que a beirarrúa está rota e se ve a distancia. O informe do servizo de Vías e Obras do Concello de data 18 de xaneiro de 2006 afirma que o desperfecto no que caeu o solicitante apréciase a uns 10 metros de longo.*

*Por todo o que, tendo en conta que D. Miguel Ángel Rodríguez Antón é unha persoa de mediana idade, da que non consta ningunha merma das súas facultades, así como que os defectos da beirarrúa eran visíbeis en condicións normais de circulación e tránsito, e non constitúen ningún defecto ou trampa oculta, pódese concluír que o accidentado non controlou o seu propio deambular co emprego da dilixencia normalmente esixíbel, propiciando esta circunstancia a súa caída.*

*Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Miguel Ángel Rodríguez Antón por unha caída ocorrida o día 7 de xuño de 2004 na rúa Aragón, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.*

#### Acordo

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

**35(254).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> ELISA AMOS CASTRO GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 467/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 16.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. M<sup>a</sup> Elisa Amor Castro González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de xaneiro de 2005, no que expón que o 4 de xaneiro de 2005, mentres camiñaba pola rúa Castelao, á altura do número 3, tivo unha caída ó tropezar contra as pezas que forman a beirarrúa que estaban descolocadas, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 24/01/2005, indicando que as baldosas atopábanse levantadas por mor das raíces das árbores.*
- Informe do servizo da Policía Local, con data 18/02/2005, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 6.556,99 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 17/03/2006, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Nun sentido igual, pronúnciase o Tribunal Supremo que, con carácter xeral, acolle o principio de que a carga da proba dos danos e da relación de causalidade co servizo público corresponde á parte actora (STS 04/11/1997, 30/10/1999).

E así, Dña. María Elisa Amor Castro afirma que sufriu unha caída na rúa Castela o día 04/01/2005 por mor dunhas baldosas levantadas. Achega parte de asistencia médica en urxencias do días 05/01/2005, así como fotografías do lugar.

Das actuacións seguidas no expediente, dedúcese que se ben está acreditado un dano avaliábel economicamente a causa dunha fractura de ósos na solicitante, non o está que cau no lugar que ela relata e polo tanto o nexo causal entre a caída e o funcionamento dun servizo público por canto non hai informe da Policía Local nin de ningunha testemuña ó efecto, limitándose ás propias manifestacións da interesada.

Terceiro.- Consonte co anterior, ó non estar acreditada a realidade da caída no lugar e data indicados, nin que esta o fose a consecuencia do funcionamento dun servizo da Administración, procede non estimar a pretensión e o recoñecemento de responsabilidade patrimonial, por non resultar acreditada a relación causa-efecto que o artigo 139 da Lei 30/1992 e artigo 2 do RD 429/1993 esixen, procede desestimar a reclamación presentada.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por Dña. M<sup>a</sup> Elisa Amor Castro González por unha caída ocorrida o 4 de xaneiro de 2005 na rúa Castela por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **36(255).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. ESTHER REIS DA COSTA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 502/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 16.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

Dña. Esther Reis da Costa presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de febreiro de 2005, no que expón que o día 13 de xuño de 2004, camiñando pola rúa Alfonso XIII, tivo unha caída por mor do deficiente estado da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico, polos que reclama a cantidade de 5.222,34 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 24/02/2005, sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 5.745,01 euros.
- Práctica de proba testifical, con data 22/06/2005, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Reis.
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 26/07/2005.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Constátase no expediente a existencia dun dano individualizado e avaliabel economicamente, por canto Dna. Esther Reis da Costa o día 13 de xuño de 2004, cando se dirixía á misa na Igrexa de Santiago de Vigo, baixando pola rúa Alfonso XIII, sufriu unha caída producíndose lesións con un período de duración de 114 días.

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estrño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

No presente suposto, contátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Ademais, das probas practicadas e manifestacións da solicitante, resulta:

- Que o desperfecto ten unhas dimensións de 1 metro cadrado aproximadamente;
- Que o defecto é visíbel a 10 metros de distancia. E así, a testemuña na proba testifical practicada ó efecto di que as baldosas que faltaban e as fochas podíanse ver a moita distancia;
- Era de día, había boa visibilidade e non había moita xente na rúa que impedise a visión do defecto;
- A testemuña, que ten un quiosco na rúa onde ocorreu a caída coñece a interesada por canto que vive preto e vai todos os domingos á misa.

Cuarto.- Consonte co anterior, resulta polo tanto que os defectos da beirarrúa eran patentes e tiñan que ser coñecidos pola solicitante, por canto vivía preto e costumaba ir á misa os domingos por esa rúa, non constituíndo logo un defecto ou trampa oculto, e a accidentada é unha persoa da que non consta no expediente ningún tipo de merma das súas facultades e que inclusive traballaba nesas datas.

E así, aplicando a reiterada doutrina do Consello Consultivo de Galicia (ditame 380/2006) pódese concluír que demostrada a ostensíbel manifestación ó exterior da irregularidade da beirarrúa, resulta precisa a concorrencia dun despiste ou distracción de quen padece o accidente, sendo presumíbel daquela unha deficiente aplicación da dilixencia debida, polo que non procede estimar a reclamación, ó obedecer o accidente a unha circunstancia pertencente á esfera da imputabilidade da propia vítima, que non controlou o seu propio deambular, e polo tanto non resulta acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel por esta Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Esther Reis da Costa por unha caída ocorrida o día 13 de xuño de 2004 na rúa Alfonso XIII, por non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **37(256).- RECLAMACIÓN DE D. JULIO CALVAR REGUEIRA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 503/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 16.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*D. Julio Calvar Regueira presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15 de febreiro de 2005, no que expón que o día 24 de agosto de 2004, o vehículo de súa propiedade, matrícula PO-2750-AW, ó ser retirado polo guindastre municipal, sufriu unha serie de danos materiais.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*



- Informe da empresa Estacionamientos y Servicios, S.A., concesionaria do guindastre municipal, con data 25/02/2005, manifestando non se faceren cargo dos danos reclamados, unha vez que estes xa existían con anterioridade ó momento de enganchar o vehículo.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, con data 14/06/2005, que non formula alegacións.

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á empresa Estacionamientos y Servicios S.A., concesionaria do servizo de retirada, depósito e custodia de vehículos da vía pública por se tivesen constancia dos feitos, a cal achega as fotos efectuadas ó vehículo antes de ser retirado polo guindastre, así como ficha de retirada del no que no apartado de observacións dise “rascazos”.*

*Chama a atención que o vehículo fose retirado polo guindastre municipal en data 24/08/2004 e que a reclamación patrimonial se presente con data 15/02/2005, isto é, máis de cinco meses despois dos supostos feitos. O presuposto de reparación é, así mesmo, de data 28/05/2005. O dito presuposto, que é o único medio de proba que o solicitante achega, proba unicamente que o vehículo presentaba nesta data determinados danos, pero non é posíbel establecer a súa conexión causal con ningún servizo público da Administración. Ademais, se algún dos ditos danos se produciu con motivo da súa manipulación polo guindastre, o reclamante debeu facer constar esta circunstancia na folla de autoliquidación da taxa de inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos, no parágrafo correspondente a observacións, circunstancia que non consta no expediente. Por todo o que, a xuízo da informante, non resulta probada a relación de causalidade que a lei esixe entre os danos do vehículo e o funcionamento do servizo público municipal de retirada, custodia e depósito de vehículos.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación formulada por D. Julio Calvar Regueira por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar probada a existencia relación de causalidade entre os mesmos e o funcionamento, normal ou anormal, do servizo público municipal”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **38(257).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. MARÍA ISABEL LANDEIRO MUÍÑOS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 684/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 13.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dna. María Isabel Landeiro Muíños presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de xullo de 2005, no que expón que o día 22 de xuño de 2004, mentres camiñaba pola Travesía de Vigo, á altura dos números 153 e 155, sufriu unha caída por mor de ter introducido un pé nunha focha, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 03/11/2005, sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente.*
- Práctica de proba testifical, en data 13/09/2005, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Landeiro.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 4.380,64 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en datas 17/02 e 29/05/2006.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

d) *Que non sexa producto de forza maior.*

*Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliábel economicamente.*

*A solicitante manifesta que sufriu unha caída á altura dos edificios nº 153 e 155 da Travesía de Vigo. Destes feitos non ten constancia a Policía Local, e a única proba testifical é a do seu fillo que a acompañaba. Non obstante, recibiu asistencia médica en Urxencias por unha caída na rúa en momentos posteriores, e das fotografías achegadas e do informe do servizo de Vías e Obras que obra no expediente, visualízase unha focha na beirarrúa no sitio indicado.*

*O informe da asesoría médica do Concello de data 22/06/2005, á vista da documentación obrante no expediente, di: “Por la lesión que ha presentado y dado que el Dr. Mata al alta informa ausencia de tumefacción y buena movilidad, en mi opinión se podrían considerar 60 días de incapacidad total y el resto parcial hasta el alta definitiva de fecha 10/10/2005, sin que resten secuelas que precisen de valoración”.*

*Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.*

*No presente suposto, contátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa o día da caída. Non obstante, tal e como manifesta a testemuña proposta pola solicitante nese intre era de día, a mediodía, sen moita xente na rúa, e a visibilidade era boa, e tal e como se observa nas fotografías achegadas ó expediente e resulta da propia pobra testifical, o defecto era perfectamente visíbel en condicións normais de circulación e tránsito non constituindo un defecto ou trampa oculto e a accidentada é unha persoa de mediana idade da que non consta ningunha merma das súas facultades, polo que resulta acreditado que a Sra. Landeiro non controlou o seu propio deambular propiciando esta circunstancia a súa caída. Ó anterior, engádese unha circunstancia que se estima relevante, a de que a reclamante reside no número 174 da Travesía de Vigo, e polo tanto é, en principio, coñecedora da zona.*

*Cuarto.- Consonte co anterior, e con independencia de non resultar acreditada a realidade de todos os danos que se reclaman, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguente indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Isabel Landeiro Muíños por unha caída ocorrida o día 22 de xuño de 2004 na Travesía de Vigo, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **39(258).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. CELSA CARREÑO PELETEIRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 739/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 13.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dna. Celsa Carreño Peleteiro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 31 de agosto de 2005, no que expón que o día 29 de agosto de 2005, camiñando pola rúa Rosalía de Castro, á altura do número 54, tivo unha caída por mor da existencia dunha focha nun paso de peóns, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, de data 29/08/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Álvarez relátalles o accidente que tivera e amósalles un parte de lesións, supostamente orixinadas pola súa caída nun paso de peóns con pequenas fochas.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 30/10/2005, no que indican que o deterioro do asfalto no lugar do accidente debíase posibelmente ó estancamento de augas pluviais, procedendo ó arranxo dos ditos desperfectos.*
- Práctica de proba testifical, en data 29/11/2005, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Carreño.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.481,05 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 28/04/2006 que non formula alegacións.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliábel economicamente.

Constatada polos documentos que obran no expediente a realidade da caída da solicitante nun paso peonil situado na confluencia da rúa Rosalía de Castro coa rúa Canceleiro, o ditame médico da Asesoría médica do Concello, de data 07/04/2006, informa á vista da documentación obrante no expediente: “lesionada de 41 anos de idade que con fecha 29/08/2005 sofre una caída y según informe de su médico de cabecera presentó un esquince de grado en el pie derecho”.

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando réune o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

No presente suposto, contátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa o día da caída. Non obstante, tal e como manifesta a testemuña proposta pola solicitante nese intre era de día e a visibilidade era boa, e tal e como se observa na documentación achegada ó expediente e resulta da propia pobra testifical, o defecto era perfectamente visíbel en condicións normais de circulación e tránsito non constituindo un defecto ou trampa oculto e a accidentada é unha persoa de mediana idade da que non consta ningunha merma das súas facultades, polo que resulta acreditado que Dna. Celsa Carreño Peleteiro non controlou o seu propio deambular propiciando esta circunstancia a súa caída.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguente indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Celsa Carreño Peleteiro por unha caída ocorrida o día 29 de agosto de 2005 na rúa Rosalía de Castro, por non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**40(259).- RECLAMACIÓN DE D. RUBÉN CORRAL MOLDES DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 783/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCC SA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 13.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*D. Rubén Corral Moldes presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 06 de outubro de 2005, no que expón que o día 08 de agosto de 2005, circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 8438-DBL, polo Camiño da Coba (Beadé) á altura do número 26, e tivo un accidente ó introducir o vehículo nunha gabia existente na calzada, producíndose danos materiais ó mencionado vehículo.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Dilixencias a prevención por accidente de circulación do servizo da Policía Local, de data 08/08/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Corral relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobaban os danos no vehículo e a existencia da gabia correspondente a unha obra sen sinalizar que realizaba a empresa Obras y Construcciones Dios, S.A. para a canalización de auga.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 08/11/2005, indicando que a gabia pertence a Aqualia, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 15/11/2005, manifestando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Beny Auto, presentado polo reclamante, por un valor de 84,22 euros IVE incluído son correctos.*
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións en data 23/12/2005.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 03/01/2006.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril , Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.*

*No expediente, resulta acreditado que o interesado sufriu danos nunha llanta do seu vehículo ó estar a vía pola que circulaba atravesada na súa totalidade por unha gran focha que se atopaba sen sinalizar. De conformidade co informe do servizo de Vías e Obras do Concello, a dita focha pertence a Aqualia (acometida de saneamento), a que, en trámite de audiencia, sinala que as obras se executaban por outra empresa.*

*Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigada a indemnizar ó prexudicado.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril , Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.*

*A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.*

*O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirásese á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Rubén Corral Moldes.*

*2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 84,22 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **41(260).- RECLAMACIÓN DE D. MARCO A. ROMEIRO CARNEIRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 787/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 14.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

##### *Antecedentes:*

*D. Marco Antonio Romero Carneiro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 6 de outubro de 2005, no que expón que o día 27 de outubro de 2004, estando o vehículo de súa propiedade, matrícula 7239-BWM, estacionado na rúa Martínez Garrido, á altura do número 25, foi impactado por unha prancha metálica caída desde o tellado dun inmóbel próximo como consecuencia do forte vento, producíndose danos materiais ó mencionado vehículo.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, con data 27/10/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Romero relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán a existencia de danos no vehículo e recollen as manifestacións de veciños que indican que o edificio é propiedade do Concello e que as pranchas do tellado levaban tempo desprendéndose.*
- Informe do Inventario Municipal, con data 28/10/2005, manifestando que o edificio do número 25 da rúa Martínez Garrido corresponde coas vivendas de protección oficial Rivera Atienza, construídas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, constando como titularidade municipal soamente a cesión de locais e de zonas verdes.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, con data 17/11/2005, que non formula alegacións.*

##### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*



Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- De acordo co informe elaborado polo Inventario Municipal, “o edificio do número 25 da rúa Martínez Garrido corresponde coas vivendas de protección oficial Rivera Atienza, construídas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, constando como titularidade municipal soamente a cesión de locais e de zonas verdes”. Á vista destes datos, dado que o elemento causante dos danos pertence a un terceiro allego a esta Administración (tellado dun inmóbel do que non é titular o Concello), non é posíbel vincular o accidente padecido polo Sr. Romero ó funcionamento de ningún servizo público municipal, polo que falla o presuposto esencial para que entre en xogo a responsabilidade patrimonial do Excmo. Concello de Vigo, que polo tanto carece de lexitimación pasiva no presente procedemento, unha vez acreditado que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro.

Polo exposto, e sen entrar a valorar o fondo do asunto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Marco Antonio Romero Costas, por canto o Excmo. Concello de Vigo carece de competencia para a resolución do correspondente procedemento de responsabilidade patrimonial ó non ser nin o titular do lugar onde ocorreu o sinistro, nin ter asumido ningún título competencial respecto ó mantemento e conservación do mesmo.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **42(261).- RECLAMACIÓN DE D. SANTIAGO IGLESIAS GARCÍA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 801/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 14.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

D. Santiago Iglesias García presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de outubro de 2005, no que expón que o día 28 de setembro de 2005, circulaba coa motocicleta de súa propiedade, matrícula C-6610-BJH, pola rúa Policarpo Sanz e esta tivo unha caída por mor da existencia dunha focha na calzada, á altura dos números 34 e 36, producíndose danos materiais ó mencionado vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 28/09/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Iglesias relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán a

existencia da focha que, segundo testemuñas, corresponde a obras de saneamento realizadas por Aqualia, procedendo a sinalizar o desperfecto existente.

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 21/12/2005.
- Informe do servizo de Parque Móbil, 07/02/2005, manifestando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Moto 2, presentado polo reclamante, por un valor de 372,92 euros IVE incluído son correctos.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, con data 15/02/2006, que formula alegacións en data 23/05/2006.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, con data 03/03/2006, que non formula alegacións.

#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local ). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliabel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).*

*Resulta acreditado polo parte da Policía Local que acudiu ó lugar o día 28/09/2005 a requirimento do reclamante que no lugar indicado había unha fochanca que os axentes procederon a sinalizar, indicándolles o promotor dunha obra próxima que pertencía a labores de saneamento de Aqualia. Non obstante, os ditos axentes non apreciaron ningún dano no ciclomotor, limitándose a recoller as manifestacións do interesado de que, sen chegar a caer da*

moto, puidese ser que fose afectada a súa dirección. O servizo do Parque Móbil do Concello informa que o ciclomotor non foi presentado nas súas instalacións polo que os ditos danos non se puideron comprobar. Non se achega tampouco importe pericial ó respecto e soamente unha factura de data 01/11/2005, posterior incluso á data da solicitude de responsabilidade, na que se inclúe o concepto de reparar e pintar gardabarros.

Verificada a realidade dun dano no ciclomotor do solicitante pola factura de reparación que achega, non resulta probado en ningures que os ditos danos se orixinaron por mor dun impacto na fochanca existente, polo que se pode afirmar concluíntemente que non pode terse por probada a existencia dunha relación directa entre o dito resultado danoso e o funcionamento normal ou anormal dun servizo público.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Santiago Iglesias García, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre os danos que se reclaman e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **43(262).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ ROMÁN RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 884/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 8.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

##### *Antecedentes:*

*D. José Román Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 31 de outubro de 2005, no que expón que o día 26 de outubro de 2005, a brigada que estaba a realizar traballos de limpeza na rúa de Viña Grande cortou un cable telefónico pertencente á vivenda de propiedade do Sr. Román, ubicada no número 20 da devandita vía.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Limpeza, de data 29/12/2005, no que indican que o persoal deste servizo, cando realizaba a limpeza das silvas das gabias da rúa de Viña Grande, cortaron o cable de forma casual, ó atoparse este oculto na zona a limpar.*
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 14/02/2006, reiterándose no alegado.*

##### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser*

*indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquiera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

*a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- En primeiro lugar, procede, polo tanto, acreditar a realidade do dano e a súa cuantificación económica. E así, resulta acreditado no expediente que cando operarios do servizo de limpeza do Concello realizaban, en data 26/10/2005, a limpeza das gabias da rúa Viña Grande número (Alcabre), produciron danos de forma casual no tendido telefónico da mencionada vivenda.*

*A liña telefónica corresponde atópase a nome de D. José Román Rodríguez, domiciliado na vivenda mencionada, e a reparación dos danos causados, segundo presuposto que se achega, ascende á cantidade de 356,35 euros.*

*Terceiro.- Acreditada a realidade do dano e a súa avaliación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano padecido e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración municipal atópase o de servizo de limpeza viaria (art. 25.2.1 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime local). Polo tanto, e de acordo co que dispón o artigo 139.1 da lei 30/1992 xa mencionada, a Administración, salvo en supostos de forza maior, estaría obrigada a indemnizar calquera lesión que se producise nos bens ou dereitos dos particulares con ocasión da prestación do dito servizo, sempre que estes non estivesen obrigados a soportalos.*

*A iso non obsta que os danos se produciron dun modo fortuito, posto que como sinala o Tribunal Supremo, a responsabilidade da Administración é unha responsabilidade de carácter obxectivo, e non resulta necesario proba que os xestores da actividade actuasen con dolo ou culpa, xa que os preceptos constitucionais e legais que compoñen o réxime xurídico aplicábel estenden a obriga de indemnizar os casos de funcionamento, tanto normal como anormal dos servizos públicos.*

*Tampouco aparece acreditada forza maior que exima á Administración por canto a súa acreditación non só esixe que obedeza a un acontecemento que sexa imprevisíbel e inevitábel, como o caso fortuito, senón que tamén teña a súa orixe nunha forza irresistible, estraña ó ámbito de actuación da xente (STS 30/09/1985 e 18/09/1995).*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. José Román Rodríguez, polos danos ocasionados, o día 26 de outubro de 2005, ó cable telefónico da vivenda sita na rúa Viña Grande, número 20, e indemnizalo coa cantidade de 356,35 euros”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**44(263).- RECLAMACIÓN DE D. ANSELMO JAIME SOBRINO GARABATOS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 893/243. RESPONSABLE CESPAS.A.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 13.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*D. Manuel Lamoso Rey presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de D. Anselmo Jaime Sobrino Garabatos, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 9 de xaneiro de 2006, no que expón que o día 27 de xaneiro de 2005 o Sr. Sobrino, mentres camiñaba pola rúa Venezuela, á altura do número 18, sufriu unha caída, debido á existencia dun oco aberto na beirarrúa para a colocación de árbores, producíndose danos de carácter físico e material.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, de data 27/01/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Sobrino relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán os danos físicos padecidos polo reclamante e o perigo que representaba o oco da árbore para os peóns.*
- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 20/01/2006, no que indican que a empresa concesionaria Cespa é a encargada do mantemento do arborado viario.*
- Informe da empresa Cespa, concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes, de data 21/02/2006.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.062,35 euros.*
- Práctica de proba testifical, en data 28/02/2006, á testemuña proposta polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Sobrino e indica que o desperfecto non era detectábel.*
- Decreto da Excma. alcaldesa de data 06/06/2006, polo que se desestima a práctica de nova proba testifical ó ser esta innecesaria, unha vez que xa se dan por probados os feitos polos que se citarían ás testemuñas.*
- Evacúese trámite de audiencia á concesionaria Cespa, que formula alegacións en data 21/06/2006.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 28/06/2006.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Da documentación obrante no expediente, resulta acreditado que D. Anselmo Jaime Sobrino Garabatos sufriu danos a consecuencia dunha caída. A estos efectos, resaltar que non se poden tomar en consideración as fotografías que achega por canto están datadas de 01/01/2003.

Procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun contratista, dado que o dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración asumido por terceiro, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado, xa que a responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa contratista.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns (artigos 25.2.d e 26.1da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). A Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen. O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión de 28 de decembro de 1998, acordou adxudicar a CESP, Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, S.A., o servizo de conservación e reposición de zonas verdes conforme ó prego de condicións técnicas e administrativas, aprobado polo acordo plenario de 3 de agosto de 1998, contrato outorgado por un prazo de 4 anos, contado a partir do 1 de xaneiro de 1999, e posteriormente obxecto de prórrogas sucesivas por un ano, contrato que estaba en vigor na data do accidente.

O artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño establece que “Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato” e de acordo co punto 19, apartado C, do prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes “o adxudicatario está obrigado a responder dos danos e perdas que se orixinen con motivo da execución do servizo, tanto á Administración municipal coma a terceiras persoas”, obriga que so decaería no suposto de que o dano fose producido por causas imputábeis a Administración , consonte o previsto no artigo 161.c do RD Legislativo 2/2000.

Terceiro.- O Consello Consultivo de Galicia ten establecido nos seus últimos dictames (entre outros, 30/2000, 162/2006) que ós viandantes lles é esixíbel o control da súa propia deambulación, obriga que excúe toda responsabilidade da administración ó introducirse un elemento estraño na relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación do dano producido, enerva de toda responsabilidade á Administración.

Non obstante, neste suposto tense que ter en conta que o accidente ocorreu a unha hora na que xa era de noite e, polo tanto, había pouca visibilidade, así como que consonte coa prescrición do médico oftalmólogo o interesado non dispón dunha boa visión de preto. Ademais obra no expediente un informe de 17 de febreiro de 2006 da concesionaria Cespa, do que resulta acreditado que, ó malograrse o exemplar ubicado no alcorque e á espera da súa reposición, procedeuse ó seu enrase o 11 de novembro de 2004, transcorrendo polo tanto máis de dous meses desde este feito ata a data do accidente, que desde entón estaba sen sinalizar e sen xustificación na demora da súa reposición.

Cuarto.- Respecto á valoración dos danos sufridos que o interesado cifra en 2.996,85 euros, máis os intereses legais, hai que ter en conta o dictame emitido pola Asesoría médica do Concello no caso, e que consonte co artigo 89.5 da Lei 30/1992 fundamenta o mesmo, que di “según informe emitido por el Servicio de Cirugía Plástica del Hospital Meixoeiro el 28/01/05, el paciente no presente ninguna afectación ósea y existe una buena ventilación

nasal y lo que sí presenta son Hematomas en región periorbitaria izquierda y supraciliar izquierda; lesiones que a lo sumo desaparecen y curan sin dejar cicatrices en 20-30 días. No nos consta que precisase más tratamiento de especialista ni nos consta que precisase de intervención quirúrgica o tratamientos específicos por las lesiones sufridas. Por lo tanto, ciñéndonos al informe del Dr. Lago, Cirujano Plástico del Meixoeiro, el período de recuperación no debería superar los 30 días de incapacidad parcial. No existe justificación para que el 16/05/05 haya sido dado de alta, puesto que la larga prolongación del período de baja no está justificada por ningún informe médico ni por la existencia de complicaciones”. Desta forma, este ditame valora a indemnización total en 1.062,35 euros.

Polo exposto, próponse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire á lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. -Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Manuel Lamoso Rey en nome e representación de D. Anselmo Jaime Sobrino Garabatos.

2º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a Cespa S.A., empresa concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes, de conformidade co establecido no corpo do informe, debendo a dita empresa indemnizar ó Sr. Sobrino na contía de 1.062,357 euros”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **45(264).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. BENEDICTA DE PAZOS NOGUEIRA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.933/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 14.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

##### *Antecedentes:*

*Dna. Benedicta de Pazos Nogueira presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 6 de febreiro de 2006, no que expón que o día 14 de decembro de 2004, mentres camiñaba pola rúa Gregorio Espino, á altura do número 7, sufriu unha caída como consecuencia da existencia de baldosas que se atopaban descolocadas, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 15/02/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente, indicando que nas inmediacións a empresa Jalohisa Construcciones, S.L. realizaba a obra de construción dun edificio, causando os seus camiós danos á beirarrúa.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.306,80 euros.*
- *Práctica de proba testifical, en data 26/07/2006, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. de Pazos.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 22/09/2006, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliabel economicamente.*

*Constátase polos documentos que obran no expediente a realidade da caída da solicitante (se ben o esciot de solicitude refírese a unha caída o 14/12/2004) ocorrida o día 14/12/2005 na rúa Gregorio Espino ó atoparse a beirarrúa con lousas levantadas e en mal estado, tal e como se observa nas fotografías que hai no expediente e que en proba testifical identifícase. O ditame da asesoría médica do Concello estima como suficientes 45 días de tratamento para curar os “golpes” sufridos, e valora unha posíbel indemnización en 1.306,80 euros.*

*Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.*

*Está acreditado no expediente o deficiente estado da beirarrúa, pero certo é que segundo as testemuñas propostas había unha boa visibilidade no momento da caída e o servizo de Vías e Obras do Concello que o mal estado da vía apreciábase desde ó menos 10 metros de distancia, non constituíndo polo tanto ningún defecto ou trampa oculta, e a accidentada é unha persoa de mediana idade da que non consta ningunha merma das súas capacidades, que polo tanto non controlou dun xeito axeitado o seu propio deambular.*

*Cuarto.- Con independencia de todo o anterior, o nexos causal entre o normal ou anormal funcionamento dun servizo e a lesión duns bens economicamente avaliábeis non concorre cando incide unha causa atribuíbel a terceiros. E no expediente acredítase polos informes do servizo de Vías e Obras que unha empresa privada estaba*



realizando a construción dun edificio no número 9 da rúa Gregorio Espino e que os camións que dan servizo á obra danaron a beirarrúa e que segundo fotos achegadas e condicións xerais da licenza de ocupación da vía pública, o accidente produciuse dentro da zona onde os titulares da obra deben manter a beirarrúa en condicións que non oferezan obstáculos para os peóns, sendo responsábeis do perfecto estado de conservación dos pavimentos durante a execución das obras, sen que o feito da obriga de repoñelos os exima desta obriga.

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Benedicta de Pazos Nogueira por unha caída ocorrida o día 14 de decembro de 2005 na rúa Gregorio Espino, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **46(265).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. ELENA BARREIRO SALGUEIRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 973/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 15.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

##### *Antecedentes:*

*Dna. Elena Barreiro Salgueiro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 7 de marzo de 2006, no que expón que o día 6 de marzo de 2006, mentres camiñaba pola rúa Carmen, sufriu unha caída por mor do mal estado da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte de servizo da Policía Local, de data 06/03/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Barreiro relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobán o estado da beirarrúa onde a reclamante indica ter caída e significan que existe un pequeno afundimento das baldosas da beirarrúa, non habendo oco ou ausencia de baldosas.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 03/04/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.651,16 euros.*
- Práctica de proba testifical, en data 09/08/2006, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Barreiro.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 11/08/2006, que non formula alegacións.*

### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Constátase a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliábel economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.*

*Ademais, e de conformidade coa máis recente doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo (STS 27/10/1998), a consideración de feitos que poidan determinar a ruptura do nexo de causalidade ten que se reservar para aqueles que comporten forza maior, ós que importa engadir a intencionalidade da vítima na produción ou o padecemento do dano, ou a gravísima negligencia dela, sempre que estas circunstancias fosen determinantes da existencia da lesión e a conseguinte obriga de soportala.*

*Terceiro.- No presente caso, do parte de servizo da Policía Local, que recolle as manifestacións da solicitante, así como fotografías que esta achega e as que se engaden con informe do servizo de Vías e Obras do Concello, resulta que a caída de Dna. Elena Barreiro tivo lugar cando, tras estacionar o seu vehículo na intersección da rúa Carmen con Cesáreo González, ó saír del, tropezou na beirarrúa. A solicitante, segundo a proba testifical practicada, levaba a súa filla e o seu sobriño á piscina, de todo o que se pode concluír que era a condutora do vehículo, e que ó saír del tropezou, polo que necesariamente tiña que estar estacionado en sentido contrario á circulación.*

*Por outra banda, nas fotografías obsérvase que o dito estacionamento foi na calzada, en lugar non habilitado para estacionar, e a testemuña proposta afirma que ahí hai unha curva e esta obsérvase claramente.*

*O artigo 38.4 do Real Decreto lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos a motor e Seguridade vial, establece que o rexime de parada e*

*estacionamento en vías urbanas regúlase pola Ordenanza municipal correspondente. A Ordenanza xeral de circulación do termo municipal de Vigo nos seus artigos 13 e seguintes prohiben totalmente a parada e o estacionamento nas curvas, nunha proximidade de 5 metros, nos cruces ou interseccións, nos rebaixes das beirarrúas para facilitar o paso das persoas e en zonas sinalizadas con franxas no pavimento, tanto se a ocupación é total ou parcial. Ademais toda parada, segundo seu artigo 12, ten que realizarse arrimando o vehículo paralelamente á beirarrúa á dereita, segundo sentido da marcha. Os pasaxeiros terán que baixar polo lado da beirarrúa e o conductor, se ten que baixar, poderá facelo por outro lado, sempre e cando se asegure que non existe ningún tipo de perigo.*

*Cuarto.- Consonte co anterior, apreciada a grave negligencia da solicitante ó estacionar o seu vehículo, xa que os defectos da beirarrúa eran ben visíbeis, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade patrimonial, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e non indemnizábel.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Elena Barreiro Salgueiro por unha caída ocorrida o día 6 de marzo de 2006 na rúa Carmen, por non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **47(266).- RECLAMACIÓN DE D. LUIS RODRÍGUEZ DA BALINHA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1073/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 13.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*D. Luis Rodríguez da Balinha presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de maio de 2006, no que expón que o día 18 de maio de 2006, o vehículo de súa propiedade, matrícula PO-9587-BM, ó ser retirado polo guindastre municipal, sufriu unha serie de danos materiais.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, de data 08/06/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe da empresa Estacionamientos y Servicios, concesionaria do servizo de guindastre municipal, de data 30/05/2006, no que indican que non se fan cargo dos danos, por canto achegan ficha do vehículo e fotografías nas que se observa o golpe na aleta dianteira esquerda, antes de proceder ó seu enganche.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 05/10/2006, manifestando que os prezos contidos no presuposto de Autoviasa, presentado polo reclamante, por un valor de 187,77 euros son correctos.*

- Evacúase trámite de audiencia a Estacionamientos y Servicios, concesionaria do servizo de guindastre municipal, en data 11/10/2006, que non formula alegacións.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 31/10/2006, que non formula alegacións.

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á empresa Estacionamientos y Servicios S.A., concesionaria do servizo de retirada, depósito e custodia de vehículos da vía pública por se tivesen constancia dos feitos, a cal achega a ficha e as fotos efectuadas ó vehículo antes de ser retirado polo guindastre, nas que se aprecia que este presentaba diversos golpes na carrocería.*

*O Sr. Rodríguez como medios de prueba achega unicamente unha factura de reparación do seu vehículo emitido por un taller mecánico. A dita factura proba unicamente que o seu vehículo presentaba nesa data determinados danos, pero non determina a causa dos mesmos nin o lugar onde se produciron, polo que non é posíbel establecer a súa conexión causal co funcionamento de ningún servizo público desta Administración.. Ademais, segundo as citadas fotografías estes xa os tiña antes da súa retirada da vía pública, e se algún dos danos reclamados produciuse con motivo da súa manipulación para ser enganchado ó guindastre e trasladado ó depósito municipal, o reclamante debeu facer constar esta circunstancia na folla de autoliquidación da taxa pola inmovilización, retirada depósito e custodia de vehículos, no apartado correspondente a observacións, polo que a xuízo da informante, non resulta probada a relación de causalidade entre os danos reclamados e o funcionamento do servizo público municipal de retirada, custodia e depósito de vehículos.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación formulada por D. Luis Rodríguez da Balinha por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar probada a existencia relación de causalidade entre os mesmos e o funcionamento, normal ou anormal, do servizo público municipal”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **48(267).- RECLAMACIÓN DE D. ARTURO BAUTISTA HEREDIA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1074/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCC SA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 14.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*D. Arturo Bautista Heredia presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de maio de 2006, no que expón que o día 9 de decembro de 2005, mentres camiñaba pola rúa Colombia, á altura dos números 1 e 3, sufriu unha por mor da falta de lousas na vía pública, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, de data 09/12/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, D. Sergio Emilio Bautista Heredia (fillo de D. Arturo Bautista) relátalle o accidente que tivera o seu pai e que este fora trasladada ó Hospital Xeral; igualmente comprobán o estado da beirarrúa, á que faltan lousas e na que se percibían restos de sangue, e significan que no lugar houbera obras realizadas por Aqualia.*
- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, de data 21/07/2006.*
- Práctica de proba testifical, en data 07/09/2006, a unha das testemuñas propostas polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Heredia.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 20/09/2006, sobre o estado da beirarrúa referida.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.680,89 euros.*
- Evacúse trámite de audiencia ó reclamante, en data 03/10/2006, que non formula alegacións.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- No expediente, unha vez constatada a existencia dun dano, ó estar acreditado que D. Arturo Bautista Heredia esvarou na rúa, producíndose lesións corporais e materiais, procede a súa avaliación. A este respecto, se ben o solicitante achega informe de asistencia en urxencias e diversos informes clínicos, obra no expediente informe da asesoría médica do Concello no que se di literalmente: "Se trata de un paciente con múltiples diagnósticos en sus antecedentes personales que sufre una caída en principio sin mayor importancia con lesiones en la cara y una contusión en tórax y 15 días después acude a urgencias por una pérdida de fuerza en miembro superior izquierdo brusca sin otra sintomatología acompañante. Conviene recordar que se trata de un paciente con HTA, Cardiopatía hipertensiva y que tras los estudios realizados por el Servicio de Oncología y Medicina Interna, se diagnostica como ACVA Hemorrágico. En caso de que el sangrado fuera traumático, el sangrado sería desde la fecha del accidente, lo que algún durante esos 15 días que transcurrieron desde la caída hasta la presentación de la pérdida de fuerza daría tipo de clínica o sintomatología y sin embargo nos informan que únicamente presenta pérdida de fuerza en miembro superior izquierdo, sin otra sintomatología neurológica acompañante. Así mismo, el diagnóstico de ACVA Hemorrágico se distingue claramente del de Hematoma más común en los procesos traumáticos agudos. De todas formas su estado pluripatológico ha influido en el desarrollo y evolución del proceso que nos ocupa y en mi opinión ha sido determinante en la complicación de lo que en principio fue una simple herida en labio y una contusión torácica. Sería interesante valorar el grado de hemiparesia ya que va desde los 15 puntos leve a los 60 puntos grave. Por todo lo expuesto, considero que las lesiones sufridas en la caída sanarían con un período de 30 días serían suficientes para la curación completa, restándole un perjuicio estético leve. En mi opinión, no existe una clara relación entre el ACVA hemorrágico y el traumatismo fácil sufrido 15 días antes". O dito informe estima os danos ocasionados, valorando a indemnización total en 2.680,89 euros.

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

No presente suposto, tanto do informe policial como testifical, constátase un deficiente estado da beirarrúa no momento da caída, da que faltaban lousas. Resulta acreditado que a U.T.E. Aqualia-FCC realizou obras con anterioridade, no mes de outubro anterior, no mencionado punto, consistente na reposición de instalacións. No informe da Inspección de Vías e Obras, de 20/09/2006 dise que se aprecia claramente que a baldosa foi repostada despois de construír a beirarrúa e miden 1 m2 aproximadamente cada unha. A testemuña proposta afirma que se

*fixeron obras no lugar, non estando aínda rematadas. Por outra banda, se ben era de día e había unha visibilidade normal, o certo é que consonte cos informes que obran no expediente trátase dunha persoa maior, cun estado de saúde pluripatolóxico, que utilizaba bastón ó camiñar e que o facía amodo, precisando de lentes oculares, por todo o que non se lle pode imputar ningunha negligencia no seu propio deambular.*

*Cuarto.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.*

*A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a unhas obras que realizaba a dita empresa, tal e como manifestan o informe do servizo de Vías e Obras e a testemuña presencial dos feitos.*

*O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3º do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirásese á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*1º. Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Arturo Bautista Heredia.*

*2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 2.680,89 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**49(268).- RECLAMACIÓN DE D. RAMÓN MARTÍN CAMPO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1078/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 14.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*D. Ramón Martín Campo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 24 de maio de 2006, no que expón que o día 23 de maio de 2006, mentres camiñaba pola rúa Coruña, á altura do edificio de Telefónica, sufriu unha caída por mor do mal estado e abandono do pavimento, producíndose danos de carácter físico e material.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 23/06/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente, indicando que o desperfecto seguía na data do informe.*
- *Informe do servizo da Policía Local, de data 03/07/2006.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 17/07/2006, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- A carga da proba da existencia dun dano avaliabel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida*



*polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).*

*No mesmo sentido, a xurisprudencia do Tribunal Supremo, con carácter xeral, acolle o principio de que a carga da proba da existencia dos danos e da reclamación de causalidade co servizo público correspondente corresponde á parte actora (entre outros, STS 30/10/1999).*

*Da documentación obrante no expediente, resulta que o solicitante soamente achega como proba dos feitos uns cristais de lente rotos, así como unha facutra de reparación. Achega un recorte de xornal de data 24/05/2005 no que “unha lectora” denuncia a caída dun “peón” na rúa Coruña, sen identificación persoal. Dos feitos denunciados non hai constancia nin no servizo de Vías e Obras do Concello nin na xefatura da Policía Local.*

*Por todo o que resulta que non está suficientemente xustificado o vínculo causal que o artigo 139.1 da Lei 30/1992 mencionada esixe, por canto o reclamante non achega ningún elemento probatorio dos feitos que denuncia nin que se produciron no lugar indicado, limitándose este ás súas propias manifestacións.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Ramón Martín Campo, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **50(269).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. JOSEFA MEDINA MOURIÑO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1111/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 14.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dna. Josefa Medina Mouriño presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15 de xuño de 2006, no que expón que o día 20 de xullo de 2005, mentres camiñaba pola beirarrúa da praia de Canido, sufriu unha caída por mor do mal estado da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, de data 20/07/2005, no que os axentes actuantes manifestan que a Sra. Medina resultou lesionada por mor dunha caída sufrida na praia de Canido e trasladada ó hospital.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 03/10/2006, no que indican que a estrada onde se produciu o accidente é de titularidade da C.O.T.O.P.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 20/10/2006.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- De acordo co informe elaborado polo servizo de Vías e Obras do Concello que di “A estrada onde se produciu o accidente é de titularidade da C.O.T.O.P.”. Á vista do mesmo, temos que concluír que dado que o Concello de Vigo non é o titular da vía na que ocorreu o accidente obxecto da presente reclamación, carece de lexitimación pasiva no presente procedemento e non é posíbel vincular o accidente ó funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público municipal.*

*Polo exposto, e sen entrar a valorar o fondo do asunto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“1º.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Josefa Medina Mouriño, por canto o Excmo. Concello de Vigo carece de competencia para a resolución do correspondente procedemento de responsabilidade patrimonial ó non ser nin o titular da vía onde ocorreu o sinistro, nin ter asumido ningún título competencial respecto ó mantemento e conservación da mesma.*

*2º.- Dar traslado da presente reclamación á C.O.T.O.P. para que proceda, se o estima oportuno, á tramitación da presente reclamación”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **51(270).- RECLAMACIÓN DE D. JOSE CARLOS SOUTO RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15925/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 14.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*D. Julio López Valcárcel presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de D. José Carlos Souto Rodríguez, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 27 de*

marzo de 2003, no que expón que o día 27 de marzo de 2002, o Sr. Souto circulaba co vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-0441-BC, pola rúa Álvaro Cunqueiro, á altura do número 34, cando este foi atinxido por un colector de lixo, causándose danos materiais que valora en 394,32 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Dilixencias a prevención da Policía Local, de data 27/03/2002, nas que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, recollen as manifestacións de D. Eloy Arza Vázquez, quen lles relata como un colector deslízouse pola rúa ata golpear o vehículo; igualmente comprobán a existencia de danos neste.
- Informe da U.T.E. Contener-Otto, de data 20/05/2003.
- Informe do Parque Móbil, de data 22/09/2003, comunicando que os prezos contidos no informe de valoración de Ford Delio, presentado polo reclamante, por un importe de 394,32 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.
- Práctica de proba testifical, en data 19/09/2006.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E Contener/Otto, concesionaria do servizo de subministración, mantemento e reparación de colectores, que formula alegacións en data 02/11/2006.
- Evacúase trámite de audiencia a Fomento de Construcciones y Contratas, concesionaria do servizo de limpeza, que formula alegacións en data 14/11/2006.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 17/11/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Antes de examinar, no seu caso, se concorren no presente suposto os demais requisitos sinalados, cómpre determinar cal foi a causa dos danos e con iso a imputabilidade ó funcionamento dun servizo público.

Nas dilixencias levadas a cabo pola Policía Local de data 27/03/02, reflectense os danos do vehículo e recóllense unicamente as manifestacións da testemuña (o Sr. Arza López), quen afirma ver como o colector causante dos danos se deslízaba pola pendente e colisionaba co vehículo que circulaba polo lugar. Esta mesma testemuña, a única proposta polo reclamante, durante a práctica da proba testifical á pregunta de cales eran as condicións climatolóxicas o día do accidente, contesta que “Bastante bo” e que comprobou que o colector estaba freado. Nestas circunstancias sorprende, cando menos, que o colector poida deslizarse, a non ser que algo ou alguén o empuxe. Ademais a dita testemuña manifesta descoñecer a hora do accidente, se o colector estaba baleiro ou cheo, en que parte foi golpeado o vehículo e con que parte este golpeou ó colector.

“Ó descoñecerse cal foi a orixe do incendio (neste caso, deslizamento do vehículo), non cabe establecer vínculo causal entre este e o funcionamento do servizo público”, como tivo ocasión de pronunciarse o Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo en sentenza de data 30/06/2006, recaída nos procedementos abreviados 401 e 443/2005.

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación presentada por D. Julio López Valcárcel polos danos materiais ocasionados ó vehículo de propiedade de D. José Carlos Souto Rodríguez, accidentado o día 27 de marzo de 2002 na rúa Álvaro Cunqueiro”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **52(271).- PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL DE FUNCIONARIO ADSCRITO Ó SERVIZO DE EDUCACIÓN, CORRESPONDENTE Ó 4º TRIMESTRE DE 2006. EXPTE. 17030/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.01.07 e de acordo co informe-porposta da xefa da Unidade de Persoal, do 26.01.07, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo persoal do departamento de Educación, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura nas relacións que se achegan no expediente, por un importe total de 174'90 € (CENTO SETENTA E CATRO EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS), correspondentes ó 4º trimestre de 2006 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

#### **53(272).- PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE CONSERXERÍA, CORRESPONDENTE Ó 4º TRIMESTRE DO ANO 2006. EXPTE. 17056/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.01.07 e de acordo co informe-porposta da técnica de Recursos Humanos, do 2.02.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar ós funcionarios D Francisco Martínez Muñoz, núm. persoal 5575, oficial conserxe , Dª M Teresa Vaqueiro Herbello, nº de persoal 9410, xefa de subalternos e D Jose Angel Fernandez Alonso, nº de persoal 12055, oficial conserxe, adscritos a Conserxería Municipal, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, as seguintes cantidades:

- D. Francisco Martínez Muñoz, núm. persoal 5575, oficial conserxe: 333,00 €
- M Teresa Vaqueiro Herbello, nº de persoal 9410, xefa de subalternos: 163,85 €
- D Jose Angel Fernandez Alonso, nº de persoal 12055, oficial conserxe: 21,95 €

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

**54(273).- PRODUCTIVIDADE A D. GONZALO ARGIBAY BARCIELA, DO SERVIZO DE PARQUES E XARDÍNS, POLO DESEMPEÑO DAS FUNCIÓNS PROPIAS DE CONTROL DE CONCESIONARIAS DAS ZONAS VERDES.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3.01.07 , dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 12.12.06, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Con data de 22 de febrero de 2006, Gonzalo Argibay Barciela, funcionario de carreira do Concello de Vigo, con posto de traballo de Xefe de Equipo, e destino no Servizo de Parques e Xardíns, presenta solicitude de percepción dunha productividade en función da acumulación de tarefas que ven desenvolvendo desde a contratación do mantemento do Parque da Guía á empresa CESPÁ.*

*En concreto, sinala que xunto as funcións propias da súa categoría profesional, dende o día 01 de xullo de 2005 ven desenvolvendo normalmente e por orden directa do Xefe do Servizo, as de control das concesionarias (CESPA, CONTENUR, SINCO) nas zonas noroeste e sur da cidade, e comprensivo tanto do casco urbano como o rural.*

*Na solicitude considérase aplicable a Instrucción Terceira das da plantilla, en canto contempla que calqueira outra productividade non contemplada expresamente será aprobada pola Xunta de Goberno Local, en función de criterios obxectivos.*

*Con data de 17 de marzo solicítase pola Unidade de Persoal informe o Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns sobre as tarefas desenvolvidas polo funcionario D Gonzalo Argibay Barciela, a maiores das contidas na guía de funcións aprobada polo Pleno na súa sesión de data 24 de setembro de 2001 para o posto de Xefe de equipo.*

*O Xefe do Servizo emite informe 19 de xuño de 2006 no que sinala que dende a contratación do mantemento do Parque da Guía, encomendóuselle ao interesado a tarefa de inspeccionar as labours da Empresa Concesionaria na zona Este do termo municipal, acumulándose a estas funcións as propias da súa categoría profesional no Parque de Castrelos por razón da xubilación do xefe de equipo destinado neste último, o pasado 06 de febreiro de 2006.*

*En opinión da técnica que suscribe, a resolución da presente solicitude esixe unha dobre consideración:*

➤ *Dende Julio 2005 a Febreiro de 2006 realiza funcións propias de inspector auxiliar de concesionarias por encomendación do Xefe do Servizo, posto de superior categoría existente na Relación de Postos de Traballo de 2005, que ata agora non está cuberto por non se ter convocada a oferta de emprego público da que forma parte.*

*Na encomenda das funcións de inspector de control das concesionarias, que se ten producido a partir do 01 de xullo de 2005, non se remitiu con carácter previo unha proposta razonada e conformada polo Xefe de Área, para a súa posterior aprobación polo órgano competente*

*Nas vixentes instrucións de plantilla non se contempla expresamente a posibilidade de considerar como productividade a acumulación de tarefas dun posto de traballo superior máis que no caso de “ausencia do seu*

titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes ...”, esixíndonse ademais que dita situación sexa autorizada expresamente “pola Alcaldía de forma motivada a proposta xustificada do xefe da Área correspondente”. No caso que nos ocupa, o posto de inspector de concesionarias, como xa se mencionou, atopase vacante xa que figurar incluído na Oferta de emprego público 2005 aínda non convocada.

No caso de que a Xunta de Goberno Local considere a aprobación da percepción de dita produtividade, corresponderíalle o importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre ambos postos.

As retribucións anuais de ambos postos, segundo o acordo da Xunta de Local de 23 de decembro de 2005, con efectos 1 de febreiro do mesmo ano son as que siguen:

	CD	IMPORTE ANUAL	CE	IMPORTE ANUAL
INSPECTOR AUX CONTROL CONCESIONARIAS	18	5358,36	1-49	9236,79
XEFE EQUIPO OFICIOS	17	5053,44	1-62	7539,43

Xa que D Gonzalo Argibay Barciela disfrutou o seu período vacacional no mes de xullo do ano 2005, corresponderíalle a cantidade de 715,10 polo período agosto-decembro 2005 e 145,00 polo período do mes de xaneiro de 2006, cantidades resultantes da diferenzas de complemento de destino e específico de ambos postos.

➤ De febreiro de 2006 ata actualidade ven acumulando as funcións de xefe de equipo, dada a xubilación o pasado 6 de febreiro de 2006 do xefe de equipo destinado no Parque de Castrelos, tal como se expresa no informe do Xefe de Servizo, coas propias de inspector auxiliar de concesionarias, encomendadas verbalmente

Nas instrución terceira, apartado a) recóllese que con cargo o complemento de produtividade retribuírase “a actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos por motivos de urxencia, autorizada pola Alcaldía, tra-lo informe da Xunta de persoal, por importe equivalente o complemento de destino do posto acumulado.

No informe do Xefe do Servizo se menciona expresamente como causa da acumulación, a xubilación dun funcionario da mesma categoría, polo que, se ben houbera sido desexable unha maior concreción no citado informe do xefe do servizo, podese entender que concorre unha situación de urxencia para a adecuada xestión do servizo.

O importe do complemento de destino do posto de inspector auxiliar de concesionarias é de 390.39 € mensuais.

Xa que a acumulación producírase con efectos 6 de febreiro de 2006, e que o funcionario disfrutou o seu mes de vacacións do mes de xullo de 2006, corresponderíalle, polo período febreiro-decembro 2006, a cantidade de 3825,82 €

E por último, na propia Instrución Terceira, párrafo último, contéplase a posibilidade de autorizar calquera outra produtividade pola Xunta do Goberno Local, en función de criterios de valoración obxectiva.

Polo anteriormente expresado, a técnica que suscribe PROPON SOMETER A CONSIDERACION DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previo informe de existencia de consignación da Intervención Xeral e informe da Xunta de Persoal:

1. *Recoñecer ao funcionario D. Gonzalo Argibay Barciela, con destino no servizo de Parques e Xardíns, e categoría profesional de Xefe de Equipo, o desempeño das funcións propias de control de concesionarias das zonas verdes na zona este de Vigo, desde o día 01 de xullo de 2005, encomenda de funcións realizada sin que se houbera remitido con carácter previo proposta razonada e conformada polo Xefe de Área, para a súa posterior aprobación polo órgano competente*
2. *Recoñecer ao funcionario D. Gonzalo Argibay Barciela, con destino no servizo de Parques e Xardíns, e categoría profesional de Xefe de Equipo, o desempeño das funcións propias da súa categoría profesional de Xefe de Equipo, ás que acumula as propias do posto de control de concesionarias das zonas verdes, dende o día 06 de febreiro ata a actualidade.*
3. *No caso de ser recoñecidas as anteriores propostas, aboar o funcionario D. Gonzalo Argibay Barciela a cantidade de 4540,92 €*
4. *Debéndose proceder a regularización da devandita situación, a acumulación de funcións o funcionario quedará sin efectos a día 1 de xaneiro de 2007.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**55(274).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE 2.2.07 DE GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDNIOS, CORRESPONDENTE Ó MES DE XANEIRO DE 2007. EXPTE. 17051/220.**

Dáse conta do informe-proposta emitido pola xefa da Unidade de Persoal, de 2.02.07, que di o seguinte:

*Consonte á instrucción cuarta, apartado f) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente para o presente exercicio, en concordancia coa Disposición Transitoria 6ª.1 do vixente Acordo Regulador, aprobado polo Pleno da corporación en sesión de 28 de decembro de 1998, aboarase con cargo a gratificacións por servizos extraordinarios o exceso de xornada estrutural anual do persoal adscrito ó servizo de extinción de incendios e salvamento, sen prexuízo da parte que se lle incluíu no complemento específico.*

*De conformidade co acordo adoptado pola Xunta de goberno local en sesión de 19 de abril de 2004, a xornada estrutural do SEIS quedou establecida en 219 horas anuais, como consecuencia da redistribución do réxime de quendas aprobado en dito acordo, respetándose nembargantes o réxime retributivo e importes vixentes.*

*Consecuentemente, o importe mensual destas gratificacións resulta, segundo categoría, o seguinte :*

<i>Bombeiro e Conductor-Bombeiro.....</i>	<i>257,16 €</i>
<i>Cabo.....</i>	<i>272'31 €</i>
<i>Sarxento Xefe de Turno.....</i>	<i>310'83 €</i>
<i>Sarxento Xefe de Parque.....</i>	<i>335,53 €</i>
<i>Suboficial / Oficial.....</i>	<i>341,49 €</i>

As cantidades vixentes para este ano resultan de aplicar sobre as cantidades correspondentes o ano 2006, o incremento do 2% do IPC correspondente o exercicio 2007, previstos nas Leis de presupostos do Estado para o exercicio de 2007, respectivamente.

Nesta orde de antecedentes, o abono deste complemento retributivo queda suxeito ós seguintes presupostos de asignación :

Que se realice unha xornada en exceso sobre as normais de 219 horas/ano. No caso contrario reducirase na parte proporcional que corresponda.

Por cada día de ausencia ó traballo descontarase, segundo a categoría profesional, a parte proporcional resultante dos importes mensuais percibidos polo persoal do servizo de Extinción de Incendios en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios por dito exceso de xornada.

Por isto e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, a Xefa da Unidade de Persoal propón o primeiro tenente de alcalde, a aprobación da seguinte

PROPOSTA:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal do Servizo de Extinción de Incendios, aboaranse os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de XANEIRO-2007, por un total de 31.779'72 €, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN.S.”

Con data 2.02.07 o primeiro tenente de alcalde resolve de conformidade coa proposta contida no precedente

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**56(275).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL, CORRESPONDENTE Ó 4º TRIMESTRE 2006. EXPTE. 17047/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 1.02.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión municipal, que di o seguinte:

Recibidos nesta Unidade de Persoal diferentes expedientes e informes referente ás indemnizacións por razón do servizo devengadas en concepto de desprazamento no termo municipal do persoal municipal, nos que figura a relación de persoal con dereito a percibir as indemnizacións correspondentes, ven asinada e conformada polos correspondentes xefes dos servizos e Concelleiros-delegados dos centros xestores.

No suposto dos gastos de locomoción correspondentes aos servizos de Atención cidadá, Educación, Vías e Obras, Benestar Social, Mobilidade e Seguridade, Limpeza, Parque Móbil, Cemiterios, Ospio, Contatación, Limpeza,



prsoal,Parue central, cemiterios e Ospio, sendo xustificada a súa efectiva realización coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros-delegados dos centros xestores, parece obvio proceder ao seu aboamento. O importe dos devanditos expedientes supón un total de 7281.23 €. Inclúese no expediente relación do persoal de ditos servizos con dereito a percibir dita indemnización correspondente os meses de que se inidcan, do ano 2006, segundo listado que comeza por D. Francisco Javier Gutierrez Orue e remata por D. Javier Rodriguez Fernandez:

<b>Servicio</b>	<b>Nº Persoal</b>	<b>Traballador</b>	<b>Mes</b>	<b>km</b>	<b>Importe</b>
Atencion cidadada	13920	Francisco Javier Gutierrez Orue	decembro 2006	157	29,83
Educacion	15668	Alfonso Silva Lorenzo	decembro 2006	260	49,4
	15651	Beatriz Alonso Asenjo	decembro 2006	461	87,59
	19399	Jose Felipe Codesido Rodriguez	decembro 2006	433	82,27
	21628	Pedro Mº Vazquez Iglesias	decembro 2006	420	79,8
Vias e obras	17484	Ricardo Lobato Cameselle	decembro 2006	1208	229,52
	13273	Ramon Vazquez Rial	decembro 2006	1245	236,55
	10694	Benigno Salgueiro Piñeiro	decembro 2006	1245	236,55
	11819	Julio Gomez Pascual	decembro 2006	385	73,15
	11682	Raimundo Estevez Villar	decembro 2006	952	180,88
		Alfonso Berros Perez	4º trimestre 2006	Acordo Xunta de Goberno20/11/2000	360,6
	77170	Agustin Rodriguez Carballo	decembro 2006	Acordo Xunta de Goberno20/11/2000	120,02
Benestar Social	78532	Paloma Lobato Anton	decembro 2006	98	18,62
	79924	M Rosario Romero Bahamonde	decembro 2006	29	5,51
mobilidade e seguridade	9082	Julio Lopez Dosio	decembro 2006	506	96,14
	15208	Jose Ramon Lopez Gonzalez	decembro 2006	724	137,56
	15303	Jose Manuel Roca Dafonte	decembro 2006	379	72,01
	15355	Jose Manuel Rodriguez Carames	decembro 2006	530	100,7
	15480	Jose Bacecos Gonzalez	decembro 2006	547	103,93
Contratacion	11239	Luis Feipe Comesaña Arribas	decembro 2006	522	88,74
Contratacion	11239	Luis Feipe Comesaña Arribas	novembro 2006	306	52,02
limpeza	7752	Eugenio Falque Quiros	decembro 2006	706	120,02
	9113	Jose Manuel Lojo Pancorbo	decembro 2006	1715	291,55
	15585	Jaime Rivera Lopez	decembro 2006	417	70,89
	15527	Jesus M Garrido Marcos	decembro 2006	1085	184,45
Persoal	79388	M Aranzazu Gonzalez Soengas	setembro- decembro 2006	511	97,09
Parque Central	16691	Santiago Alonso Ferragud	decembro 2006	1384	235,28
	16691	Santiago Alonso Ferragud	novembro 2006	1447	245,99
Cemiterios	7901	Jesus Alfonso Sanmartin	decembro 2006	491	93,29
OSPPIO		Miguel Carrera Mouriño	3 trimestre 2006	Acordo Xunta de Goberno30/4/1999	360,61
		Miguel Carrera Mouriño	4 trimestre 2006	Acordo Xunta de Goberno30/4/1999	360,61

Servicio	Nº Persoal	Traballador	Mes	km	Importe
		Jorge Muñoz Rama	3 trimestre 2006	Acordo Xunta de Goberno30/4/1999	360,61
		Jorge Muñoz Rama	4 trimestre 2006	Acordo Xunta de Goberno30/4/1999	360,61
		Angel Ferro Mancho	decembro 2006	896	170,24
Conserxeria	17822	Julio Yañez Rodriguez	outubro- decembro 2006	4060	771,4
	13706	Fernando Fernandez Amil	outubro- decembro 2006	3850	731,5
	80072	Javier Rodriguez Fernandez	outubro- decembro 2006	2030	385,7
					<b>7281,23</b>

Polo exposto, a Técnica de RRHH do Servizo de Persoal, previo informe da Intervención Xeral no que se sinala a existencia de crédito suficiente dentro das partidas correspondentes a cada servizo, e que xeneran gasto na clasificación económica do orzamento reglamentaria 231.00.00 -Gastos de Locomoción PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, no uso das competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE A C O R D O :

“Autorizar o gasto por un importe de 7281.23€. correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Atención cidadá, Educación, Vías e Obras, Benestar Social, Mobilidade e Seguridade, Limpeza, Parque Móbil, Cemiterios, Ospio, Montes, Parques e Xardíns, Museo Quiñones de León e Inspección de Vías e Obras, con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

	Servizio	
4420	Limpeza	666.91
5110	Vías e Obras	1437.27
2220	Seguridade	510.34
4220	Educación	299.06
4631	Participación cidadá	29.83
3130	Benestar Social	24.13
4430	Cemiterios	93.29
	Contratación	140.76
1211	Persoal	97.09
1212	Parque Central	481.27
5110	Ospio	1612.68
1210	Conserxeria	1888.60
2220	Mobilidade e Seguridade	626,24
		<b>7281.23</b>

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **57(276).- RECTIFICACIÓN DE ERROS NAS BASES PARA A COBERTURA CON CARÁCTER INTERINO DUN POSTO DE COORDINADOR/A DE TURISMO, COMERCIO E INDUSTRIA. EXPTE. 17117/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 20.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo primeiro tenente de alcalde, que di o seguinte:

#### *ANTECEDENTES*

Único.- *En sesión de data 12/02/2007 a Xunta do Goberno Local acordou dar aprobación ás bases establecidas para a cobertura con carácter interino dun posto de coordinador/a en Turismo (técnico medio), tramitada en expediente administrativo nº 17.049/220. De oficio foi detectado un erro de transcripción nun dos parágrafos do texto literal das bases, concretamente na Base VI.-Tribunal cualificador, en canto que se recolle que “todos os membros do tribunal, agás o Presidente, deberán posuír titulación de igual ou superior nivel á requirida para ser nomeado”.*

#### *FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

*I. O artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, tras a modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, consigna expresamente que “a composición dos tribunais de oposicións será predominantemente técnica, debendo posuír todos os seus membros un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o ingreso nas prazas convocadas.”*

*II. De conformidade co disposto no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.*

*III. Vistas as competencias que en canto á aprobación das bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo ostenta a Xunta de Goberno Local, recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese á súa consideración a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*“PRIMEIRO.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o acordo adoptado por esta Xunta de Goberno Local en data 12/02/2007 en canto ao expediente administrativo nº 17.049/220 (bases para a provisión con carácter interino dun posto de coordinador/a en turismo, técnico medio) os erros materiais, aritméticos ou de feito existentes no devandito acordo, en canto á Base VI.-Tribunal cualificador, de xeito tal que onde di “todos os membros do tribunal, agás o Presidente, deberán posuír titulación de igual ou superior nivel á requirida para ser nomeado” debe dicir ““todos os membros do tribunal, incluído o Presidente, deberán posuír titulación de igual ou superior nivel á requirida para ser nomeado”*

*“SEGUNDO.- Ordenar a publicación do acordo citado coa rectificación incorporada na forma e nos termos establecidos na devandita Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.”*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **58(277).- PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DE DÚAS AUXILIARES ADMINISTRATIVAS POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, POR UN PERÍODO DE TRES MESES. EXPTE. 16729/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.02.07, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 15.02.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo primeiro tenente de alcalde, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, en sesións dos días 4 de setembro e 23 de outubro de 2006, adoptou acordos para a contratación por acumulación de tarefas de tres auxiliares administrativos/as e un auxiliar administrativo/a, respectivamente.*

*En execución do acordo de 4 de setembro, seleccionáronse dúas candidatas que figuraban incorporadas á lista de substitucións que se reflicten nas actas da convocatoria para a contratación temporal de persoal auxiliar do Organismo Autónomo Parque das Ciencias Vigo-Zoo, quedando pendente, neste acordo, unha contratación máis, para a que se solicitaría ó Servizo Galego de Colocación Oferta xenérica de aspirantes, que serían seleccionados por unha comisión de valoración constituída ó efecto.*

*Posteriormente, a Xunta de Goberno Local en sesión de data 23 de outubro de 2006, acordou a contratación dun/dunha auxiliar máis, polo mesmo procedemento, remitindo o Servizo Galego de Colocación 19 aspirantes para a realización dunha proba de tipo informático, seleccionándose as/os dúas/dous que obtiveran a mellor puntuación.*

*Constituída a comisión de valoración para a realización de dita proba e segundo se desprende da acta de data 17 de novembro de 2006, pola que se propón a esta Alcaldía-Presidencia a contratación laboral por acumulación de tarefas e polo período de tres meses, as dúas aspirantes que aprobaron o exercicio e obtiveron a máxima puntuación, foron D<sup>a</sup> Aranzazu Diez Nogueira e D<sup>a</sup> Marta Sánchez Méndez.*

*Con data 1 de decembro de 2006 e ata o 28 de febreiro de 2007 procedeuse á contratación de D<sup>a</sup> Aranzazu Diez Nogueira e a D<sup>a</sup> Marta Sánchez Méndez, como Auxiliares Administrativas, cun contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas regulado no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Texto refundido do Estatuto dos Traballadores, e RD 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o citado artigo 15 ET en materia de contratos de duración determinada.*

*Tendo en conta os escritos de data 30 de xaneiro e 7 de febreiro de 2007, asinados pola Xefa de Sección de Coordinación de Benestar Social e o Xefe do Servizo de Admón de Tributos respectivamente, no que se pon de*

*manifesto a continuidade das circunstancias que se deron para a contratación inicial, solicitando por parte das mesmas a prórroga dos devanditos contratos, parece oportuna a tramitación do presente expediente.*

*Dado que o contrato eventual por circunstancias da produción ou acumulación de tarefas permite unha duración máxima de seis meses dentro do período de un ano –con carácter improrrogable—e sempre que exista consignación presupostaria suficiente para facer fronte ao gasto que se propón, non se observan impedimentos para a autorización das prorrogas solicitadas, sempre en tanto non implique superación do límite legal establecido polo Real-Decreto-Lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño de 2006, vixente a tales efectos dende o pasado 1 de xullo de 2006.*

*Vistas as competencias en materia de persoal que a Xunta de Goberno Local ostenta ex artigo 127.l.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime dos municipios de grande poboación, elévase á súa consideración a seguinte*

#### PROPOSTA DE ACORDO

*“PRIMEIRO.- Autoriza-la prórroga dos contratos subscritos en data 1 de decembro de 2006 cas Auxiliares Administrativas Dª Aranzazu Díez Nogueira e Dª Marta Sánchez Mëndez, por un período de tres meses (dende o 1 de marzo de 2007 ata o 31 de maio de 2007) e nos mesmos termos e condicións que figuran no contrato por elas asinados, cun custe estimado de 10.161, 62 €, imputables á partida 121.0.140.000.00- “Outras modalidades de contratación temporal”.*

*SEGUNDO.- A presente prórroga autorízase sen prexuízo do disposto no artigo 15.5 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, en nova redacción dada polo Real Decreto-Lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño de 2006) en canto á prohibición legal do encadenamento de contratos laborais temporais”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta acontida no precedente informe.

#### **59(278).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A WINTERRA S.A. EXPTE. 51862/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado de Vías e Obras, do 16.02.07, a Xunta de Goberno local acorda:

*Vista a solicitude formulada por WINTERRA S.A., en relación o aval constituído en data 18/11/2004, para respoder dos danos que pudesen ocasionarse pola retirada de biondas de protección na r/ Coutadas nº 98 - Teis por construción dun edificio ( 47855-421 ), constando copia do mesmo no presente expediente.*

*Visto o informe do Inspector de Vías e Obras, de data 15 de febreiro de 2007, donde se reseña que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que PROPONSE:*

*Proceder a devolución do aval a WINTERRA S.A., constituído na data reseñada, segundo carta de pagamento nº 2000400055085, polo importe de 6000 euros.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder a devolución do aval a WINTERRA S.A., constituído na data reseñada, segundo carta de pagamento nº 2000400055085, polo importe de 6000 euros.

### **60(279).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE FORMIGÓNS PARA O CONCELLO DE VIGO PARA OS ANOS 2007 E 2008. EXPTE. 50885/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable de data 31.1.07, e de acordo co informe-proposta do técnico da Área de Servizos Xerais, do 5.01.07, conformado polo asesor xurídico e op concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas, elaborado polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras con data 5 de novembro de 2006, para o contrato de subministro de formigóns para o concello de Vigo para os anos 2007 e 2008

2º.- A tramitación farase polo procedemento de urxencia ó amparo do artigo 71 da LCAP por concurrir os motivos previstos en dito precepto, tal como se xustifica no informe do coordinador da Área de Servizos Xerais D. Álvaro Crespo Casal.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado pola Área de Servizos Xerais con data 5 de xaneiro de 2007 para a contratación, polo procedemento de concurso aberto, da subministración de formigóns para o Concello de Vigo para os exercicios 2007 e 2008

4º.- Autorizar o gasto total de 400.000,00 euros para a contratación do subministro de formigóns para o Concello de Vigo ( Vías e Obras ) con cargo á partida 5110.210.00.06 do presuposto e imputado do seguinte xeito :

Exercicio 2007 : 200.000,00 €

Exercicio 2008 : 200.000,00 €

5º.- Inicia-lo procedemento de contratación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **61(280).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 51523/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable de data 31.1.07, e de acordo co informe-proposta do técnico da Área de Servizos Xerais, do 29.01.07, conformado polo enxeñeiro xefe do Servizo de Vías e Obras, o concelleiro da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de “ Supresión de Barreiras Arquitectónicas na cidade de Vigo ”, redactado polo técnico municipal da Área de Servizos Xerais D. Jorge Muñoz Rama .

2º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do proxecto de “ Supresión de Barreiras Arquitectónicas na cidade de Vigo ”.

3º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras do proxecto de “Supresión de Barreiras Arquitectónicas na cidade de Vigo ” por un importe máximo de 200.000,00 € e con cargo á partida 5110.210.00.03 do presuposto 2007 , prorogado do 2006

4º.- Abrir o procedemento licitatorio polo procedemento de urxencia, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

#### **62(281).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE REPARACIÓN XERAL DE BEIRRARRÚAS NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 51521/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable de data 2.2.07, e de acordo co informe-proposta do técnico da Área de Servizos Xerais, do 29.01.07, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto e cadros de prezos de “ Reparación Xeral de Beirarrúas no concello de Vigo ”, redactado polo técnico municipal da Área de Servizos Xerais D. Jorge Muñoz Rama

2º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso do servizo para a execución das obras do proxecto de “ Reparación Xeral de Beirarrúas na cidade de Vigo ”.

3º.- Autorizar o gasto para a contratación do servizo de obras de “ Reparación Xeral de Beirarrúas na cidade de Vigo ” por un importe máximo de 150.000,00 € e con cargo á partida 5110.210.00.00 do presuposto 2007 , prorogado do 2006

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, polo procedemento de urxencia, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

#### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **63(282).- AXUDAS ÁS ENTIDADES LOCAIS PARA DOTACIÓN DE SERVIZOS BÁSICOS ÁS PRAIAS 2007. EXPTE. 4881/06.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico Supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 22.02.07, conformado polo concelleiro delegado de Medio Ambiente, que di o seguinte:

*O xoves 18 de xaneiro de 2007, publicáronse no Boletín Oficial de Pontevedra, no nº 13, as “Bases reguladoras da concesión por concurrencia competitiva das axudas á Concellos para dotación de Servizos Básicos a Praias 2007”.*

*O Municipio de Vigo conta con vintecinco praias das que se solicitan a declaración de zona de baño habilitada segundo decreto 240/2000. A estas praias contrólase a calidade da auga de baño semanalmente durante a temporada de baño.*

*Este ano solicitamos a concesión de Bandeiras Azuis para sete delas: areal da Punta (Teis), Tombo do Gato (Alcabre), Argazada (Alcabre), Fontaiña (Coruxo), Vao (Coruxo), Canido (Oia) e Rodas (Illas Cíes). Algunhas teñen deficiencias por ausencia ou mala conservación de servizos hixiénicos, accesos, perda de area, etc.*

*Son obxecto de axudas para servizos básicos nas praias os investimentos realizados en equipamentos para o mantemento das praias nas debidas condicións de hixiene e seguridade: duchas, puntos de auga potable, torres de vixilancia, megafonía para a advertencia de perigo, balizaxes para separación de zonas de baño, sinalización adecuada de servizos básicos e accesos, maquinaria de limpeza e demais equipamentos necesarios para este fin, segundo estipula a segunda das bases reguladoras no seu apartado 2.1.*

*Asemade, considerando que a segunda das bases reguladoras no seu apartado 2.2 dispón que “as axudas económicas poderán acadar o 75 por 100 do investimento realizado, ata un máximo de trinta e seis mil sesenta e un euros (36.061 euros) por proxecto” e o Concello de Vigo podería aportar a cantidade restante, propoño solicitar subvencións para os seguintes proxectos:*

- *Proxecto 1: Dotación e mantemento de paneis informativos e divulgativos para os areais habilitados para o baño.*
- *Proxecto 2: Obras de reparación de servizos hixiénicos no areal de Samil.*
- *Proxecto 3: Reforma no vehículo modelo Pegaso, matrícula PO-5793-O para adaptalo a traballos en praias, especialmente na carga, descarga e transporte de contenedores con algas.*

#### **POLO QUE SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

*Acollerse as “Axudas ás entidades locais para dotación de servizos básicos ás praias 2007” dacordo coas bases publicadas no Boletín Oficial de Pontevedra nº 54, do xoves 18 de xaneiro de 2007, có obxecto de proceder á mellora dos servizos básicos das praias, dacordo cós proxectos presentados por orde de prioridade para as praias para as que se solicita Bandeira Azul, e comprométese a realizar esta actuación, no caso de ser concedida, aportando o Concello a parte correspondente das seguintes partidas:*

*4533.210.00.00 Mantemento en praias*

*4533.227.06.00 Estudos previos e proxectos*

*1212.214.00.01 Reparacións estruturais da flota (comenta Santiago 5259)*



### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **64(283).- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE SANIDADE DE ZONAS DE BAÑO HABILITADAS. EXPTE. 1594/313.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Laboratorio Municipal, do 16.02.07, conformado polo concelleiro de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a solicitude dirixida o Director Xeral de Saúde Pública da declaración de zonas de baño habilitadas das praias que se relacionan a continuación:

- Praia do Portiño
- Praia dos Muíños de Fortiñón (Saians)
- Praia da Sobreira
- Praia do Xunqueira (Fuchiños)
- Praia de Canido
- Praia de Toralla
- Praia do Vao
- Praia do Baluarte
- Praia de Fontaiña (Sirena)
- Praia de Calzoa (Barcas)
- Praia de Foz
- Praia de Samil
- Praia da Argazada (Azul)
- Praia do Cocho das Dornas
- Praia do Tombo do Gato (A Fonte)
- Praia de Fontes ( Olmos )
- Praia de Mourisca
- Praia de Sta Baia
- Praia de Carril
- Praia do Adro ( Bouzas )
- Praia da Punta ( A Guía )
- Praia de Mende
- Praia de Figueiras ( Cíes )
- Praia de Rodas ( Cíes )
- Praia de Carracido ( Cíes )

**65(284).- SOLICITUDE DE D<sup>a</sup>. ANA M<sup>a</sup> FERNÁNDEZ ARIAS DE PERMISO SEN SOLDOS. EXPTE. 17124/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 22.02.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Fernández Arias (núm. persoal 79391), auxiliar de administración xeral interina, un permiso sen soldo por asuntos persoais durante o vindeiro mes de marzo, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

**66(285).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACION CO CONCELLO DE BAIONA PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DO 514º ANIVERSARIO DA ARRIBADA DA CARABELA PINTA A BAIONA EN 1493. EXPTE. 73074/210.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 22.02.07, e de acordo co informe-proposta da xefa de Área de Mobilidade e Seguridade, do 23.02.07, conformado polo concelleiro-delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o borrador do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Concello de Baiona para a organización dos actos do 514º aniversario da Arribada da Carabela Pinta a Baiona en 1493.

*"CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO - CONCELLO DE BAIONA PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DO 514º ANIVERSARIO DA ARRIBADA DA CARABELA PINTA A BAIONA EN 1493".*

*En Baiona, a de dous mil sete.*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, Dña. CORINA PORRO MARTINEZ, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo, por Acordo Plenario de data 13 de decembro de 2003, CIF P-3605700-H,*

*Doutra parte, D. JESÚS VAZQUEZ ALMUIÑA, Alcalde-Presidente do Concello de Baiona, por Acordo Plenario de data 23 de novembro de 2004, CIF P-3600300-B,*

## MANIFESTAN

1. En uso das competencias conferidas polo artigo 103 da Constitución Española, o artigo 4 da Lei 30/1992 (coa súa modificación) de Rexime Jurídico e Procedemento Administrativo Común, e do disposto nos artigos 6, 10 e 55 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, e o artigo 5 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico, formalizase o presente Convenio de Colaboración.

2. Que o Concello de Baiona está a traballar na organización do "514º Aniversario da arribada da Carabela Pinta" en 1493, coa noticia do "descubrimento de América" os días 2, 3 e 4 de marzo co desenvolvemento dun programa de actividades que terán lugar no casco histórico de Baiona.

3. Que ámbalas dúas partes desexan establecer un marco de colaboración organizativo para a celebración deste evento.

En consecuencia acordan formalizar o presente convenio de colaboración segundo as seguintes

## CLAUSULAS

*PRIMEIRA.- O Concello de Vigo autoriza en réxime de comisión de servizos o desprazamento dun Cabo e 12 axentes os días 2, 3 e 4 de marzo, para colaborar coa Policía Local de Baiona nos servizos propios do corpo, todo isto dacordo co disposto no artigo 6 da Lei de 23 de marzo de 1992 de Policía Local de Galicia.*

*SEGUNDA.- Os gastos de manutención orixinados polo desprazamento dos membros da Policía Local de Vigo a Baiona durante o período indicado na cláusula primeira serán por conta do Concello de Baiona.*

*TERCEIRA.- Para dar cumprimento as obrigacións asumidas neste convenio, o Concello de Baiona con cargo a partida orzamentaria 451-22624, concepto orzamentario "FESTA DA ARRIBADA" do prorrogado orzamento para o ano 2007, destina en concepto de dieta a cantidade de 178,28 € por axente e quenda e 184,47 € por cabo e quenda,.*

*CUARTA.- Para a execución do presente convenio nomearase unha comisión de seguimento que estará constituída do seguinte xeito:*

*Polo Concello de Vigo:*

- A Alcaldesa-Presidenta ou persona na que delegue.*
- Concelleiro de Seguridade ou persoa na que delegue.*

*Polo Concello de Baiona.*

- O Alcalde-Presidente ou persoa na que delegue.*
- O Concelleiro de Seguridade Cidadá ou persoa na que delegue.*

*QUINTA.- As controversias que puidieran xurdir da interpretación do presente convenio resolveranse pola antedita comisión de seguimento. De non chegarse a acordo nesta comisión someteráanse a Xurisdicción Contencioso Administrativa.*

*SEXTA.- A vixencia do presente convenio será ata o 05/03/07. Caberá tamén a denuncia escrita do mesmo cunha antelación de sete días. A denuncia do convenio e a súa resolución en ningún caso pode afectar as accións pendentes de realizar.*

*E para que así conste en proba de conformidade, e previa a súa lectura, asina por triplicado e para un só efecto o presente convenio no lugar e data  
"ut supra" ,*

**67(286).- INFORME XUSTIFICATIVO DE CAMBIOS REALIZADOS (COSTE CERO) NO PROXECTO DE REPARACIÓN E IMPERMEABILIZACIÓN DA PRAZA PÚBLICA “ALBA PLENA” NA AVDA. DAS CAMELIAS. EXPTE. 405/443.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe do aparelador municipal, Sr. Carrera Mouriño, de data 13.02.07, sobre os cambios producidos no transcurso das obras de execución das obras de “reparación e impermeabilizaicón da praza pública “Alba Plena” na avda. das Camelias. Mantense o custe da obra inicialmente aprobada, ambiando as unidades das partidas previstas, e incluíndo outras novas, non contempladas no proxecto, relativas a cambios de material de albardillas, revestimentos, muretes, pintura, barandas, condución de augas pluviais, substitución de rexas de ventilación de garaxes, rexas-sumidoiros e canaletas.

A Xunta de Goberno local presta a súa conformidade o devandito informe.

**68(287).- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS DE HUMANIZACIÓN DE DIVERSAS RÚAS DA CIDADE DE VIGO CORRESPONDENTES A CONVENIOS O DE COLABORACIÓN COA ZONA FRANCA E DEPUTACIÓN PROVINCIAL. EXPTE. 11999/444.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador de Área de Servizos Xerais, do 16.02.07, que di o seguinte:

*1.- Antecedentes*

*En data 31 de xullo de 2006, asinase o Convenio entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca para o desenrolo de intervencións urbáns e cesión de viais.*

*En data 30 de xuño de 2006, asínase o Convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a Cooperación económica en determinadas actuacións urbáns a realizar na cidade de Vigo.*

En data 6 de novembro de 2006, a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar á empresa Movexvial a Humanización das rúas do entorno de Urzáiz (3 Lotes), desglosados do seguinte xeito:

- Humanización da Rúa Gil, entre Manuel Núñez e Magallanes, cun importe de adxudicación de 106.755 Euros.
- Humanización da Rúa Magallanes, cun importe de adxudicación de 315.923 Euros.
- Humanización da Rúa Manuel Núñez, entre María Berdiales e Urzáiz, cun importe de adxudicación de 502.242 Euros.

E á empresa Sercoysa as obras de Humanización das Rúas Hernán Cortés e Luis Braille, cun importe de adxudicación de 783.271,39 Euros.

Co obxecto de dar cumprimento aos convenios antes citados, xunto achégase para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local as certificacións correspondentes ás seguintes obras:

• Rúa Hernán Cortés		
1ª Certificación do mes de decembro/2006 por un importe total de.....	98.121,21 Euros	
2ª Certificación do mes de xaneiro/2007 por un importe total de	129.198,02 Euros	
Total .....	227.319,23 Euros	
• Rúa Magallanes		
1ª Certificación do mes de decembro/2006 por un importe total de.....	13.418,08 Euros	
2ª Certificación do mes de xaneiro/ 2007 por un importe total de.....	71.631,87 Euros	
Total .....	85.049,95 Euros	
• Rúa Manuel Núñez		
1ª Certificación do mes de decembro /2006 por un importe total de.....	41.913,26 Euros	
2ª Certificación do mes de xaneiro /2007 por un importe total de.....	89.981,80 Euros	
Total .....	131.895,05 Euros	
• Rúa Gil		
1ª Certificación do mes de decembro/2006 por un importe total de.....	57.801,98 Euros	
2ª Certificación do mes de xaneiro/2007 por un importe total de.....	42.768,39 Euros	
Total .....	100.570,37 Euros	

As citadas certificacións coas correspondentes facturas deberán ser remitidas tanto ao Consorcio da Zona Franca como a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra para dar cumprimento aos citados convenios.

Tendo en conta o anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Aprobar as certificacións que a continuación se indican:

• Rúa Hernán Cortés		
1ª Certificación do mes de decembro /2006 por un importe total de.....	98.121,21 Euros	
2ª Certificación do mes de xaneiro/2007 por un importe total de	129.198,02 Euros	
Total .....	227.319,23 Euros	
• Rúa Magallanes		
1ª Certificación do mes decembro/2006 de por un importe total de.....	13.418,08 Euros	
2ª Certificación do mes de xaneiro/2007 por un importe total de.....	71.631,87 Euros	
Total .....	85.049,95 Euros	

- *Rúa Manuel Núñez*

<i>1ª Certificación do mes de decembro/2006 por un importe total de.....</i>	<i>41.913,26 Euros</i>
<i>2ª Certificación do mes de xaneiro/2007 por un importe total de.....</i>	<i>89.981,80 Euros</i>
<i>Total .....</i>	<i>131.895,05 Euros</i>
  
- *Rúa Gil*

<i>1ª Certificación do mes de decembro/2006 por un importe total de.....</i>	<i>57.801,98 Euros</i>
<i>2ª Certificación do mes de xaneiro/2007 por un importe total de.....</i>	<i>42.768,39 Euros</i>
<i>Total .....</i>	<i>100.570,37 Euros</i>

2.- *Remitir as certificacións coas correspondentes facturas a:*

2.1.- *Consorcio Zona Franca para facer efectivo o seu pago o contratista correspondente.*

2.2.- *Excma. Deputación Provincial de Pontevedra para que procedan, según se indica no convenio, ao reintegro de fondos ao Concello de Vigo por un importe de 606.060,60 (seiscentos seis mil sesenta euros con sesenta céntimos)Euros correspondentes á anualidade do 2006.*

2.3. *Intervención de Fondos do Concello de Vigo para o seu coñecemento e efectos oportunos.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **69(288).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN TELEFÓNICA A TRAVÉS DO TELÉFONO 010 DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1080/321.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 19.02.07 e conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Arcal Grupo Norte, S.L.” o concurso para a contratación dos servizos de atención telefónica a través do teléfono 010 do Concello de Vigo.Expte. 1080/321 por un importe de 133.852,46 euros/ano e coas seguintes melloras:

- Plan de calidade baseado en enquisas de satisfacción dos usuarios.
- Auditoría e control do servizo parametrizado.
- Informes mensuais de calidade operativa basadas en aplicacións informáticas estandarizadas.
- 203 horas semanias de servizo.
- 1 enquisa de satisfacción anual basada en preguntas pechadas e abertas.
- Auditoría e control interno do servizo.
- Manuais de xestión do posto.
- Evaluación dos postos de traballo cara a prevención de riscos laborais.

Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 27.11.2006 e a oferta presentada.

**70(289).- BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAI REALIZADAS NO EXERCIZO 2007. EXPTE. 2140/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13.02.07 e de acordo co informe-proposta da técnica de Festas e Animación Sociocultural, do 7.02.07, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a convocatoria e as bases de subvencións para actividades socioculturais realizadas no exercicio 2007, que de seguido se transcriben, xunto cos anexos que constan no expediente.

2º.- Autorizar un gasto por un importe total de 95.000 euros con cargo a partida 451.2.489.00.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio, para atender as solicitudes presentadas ó abeiro desta convocatoria.”

***PROPOSTA DE CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAI REALIZADAS DURANTE O EXERCICIO 2007 DO CONCELLO DE VIGO.***

Primeiro.-

*En virtude do establecido no artº 28 da Lei de Bases do Réximen Local e disposicións concordantes, a Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións en réxime de concurrencia competitiva destinadas a programas e actividades de ámbito sociocultural que se realicen con carácter público en Vigo durante o exercicio do 2007.*

Segundo.-

*A contía da presente convocatoria ascende a 95.000 €, con cargo á partida 451.2.489.00.00 (transferencias a entidades sen ánimo de lucro) do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural.*

Terceiro.-

*O prazo para a presentacion de solicitudes será de 20 días naturais dende a súa publicación no Diario Oficial da Provincia de Pontevedra.*

Cuarto.-

*As solicitudes presentaránse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, no modelo que se engade como Anexo II, xunto coa documentación requirida nas bases destas subvencións, que se atopan no taboleiro municipal e na web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).*

#### Quinto.-

O prazo para a execución das actividades subvencionables será ata o 10 de decembro de 2007.

#### Sexto.-

Aprobanse as Bases que se relacionan no Anexo I e que rexerán a convocatoria de subvencións destinadas a programas e actividades de ámbito sociocultural, dentro do marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

### ANEXO I

## BASES QUE REXIRAN AS CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONES PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIAS

### PRIMEIRA.- OBXECTIVOS

A presente convocatoria pública de subvencións terá como principais obxectivos:

- 1.- Apoiar os programas e actividades socioculturais realizados por entidades ou particulares que complementen a programación e os servizos municipais neste ámbito e que se realicen con carácter público en Vigo. Subvencionaranse como máximo DOUS proxectos por solicitante.
- 2.- Favorecer o desenvolvemento de programas e actividades que contribúan á recuperación ou potenciación das tradicións locais no ámbito cultural e festivo.
- 3.- Estimular a participación da cidadanía e dos diversos axentes socioculturais locais.

### SEGUNDA.- TIPOLOXÍAS

Os programas e actividades subvencionables deberán encadrarse dentro das seguinte tipoloxías:

- 1.- Programas socioculturais xerais.
- 2.- Programas socioculturais específicos: música, teatro, danza e artes plásticas.
- 3.- Festas populares e tradicionais.

### TERCERA.- BENEFICIARIOS:

1.- Poderán ser beneficiarios destas subvencións:

a)As asociacións, comisións de festas e outras realidadeas asociativas sen ánimo de lucro, que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións a data de presentación da solicitude e que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo, que teñan capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

b)As persoas físicas con domicilio no termino municipal de Vigo e que se atopen empadroadas no Concello, que teñan capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

2.- Non poderán acollerse a estas bases de convocatoria os seguintes tipos de solicitantes:

- a) As asociacións e entidades exclusivamente deportivas de carácter federado.
- b) As persoas físicas e xurídicas con ánimo de lucro
- c) As administracións públicas, así como as entidades ou departamentos que dependan directa ou indirectamente delas, orgánica ou orzamentariamente.

### CUARTA: CRITERIOS DE VALORACIÓN.



1.- As solicitudes de subvención poderán ser desestimadas con base en:

- a) Que a entidade solicitante e o proxecto de programación teña unha relación máis específica con outras áreas do Concello: deportivo, benéfico-social, educativo, promoción turística, xuvenís, muller, medio ambiente...
- b) Que o proxecto inclúa actividades docentes previstas nos planos de ensino vixentes, as propias dos clubs deportivos ou as de carácter político e doutrinal de signo partidario ou confesional.
- c) Que o proxecto inclúa os gastos xerais das entidades ou persoas solicitantes relativos á administración, xestión, funcionamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugamento do local social.
- d) Que a solicitude se presente fóra do prazo estipulado nas presentes bases, calquera que sexa a causa do retraso.
- e) Que a entidade non presente a documentación requirida e nos prazos estipulados nas presentes bases, ou non cumpra os requisitos esixidos.
- f) Que se considere que o proxecto de programación non reúne unhas condicións mínimas de interese, baseándose nos criterios de adxudicación estipulados anteriormente.
- g) Que a entidade solicitante que non hubiera presentado xustificación algunha da subvención concedida na convocatoria do ano 2005 no prazo establecido nas bases.

2.- Os criterios que se analizarán para a concesión das subvencións terán en conta a adaptación do proxecto aos fins perseguidos polas presentes bases.

Subvencionarase DOUS PROXECTOS POR SOLICITANTE. Puntuaranse ata un máximo de 24 puntos, sendo a valoración individual de cada criterio a seguinte:

- a) Calidade do proxecto e adecuación ós obxectivos recollidos na cláusula primeira das bases: 9 puntos.
- b) Características do proxecto: ámbito de aplicación, sector e número de poboación beneficiaria, interese sociocultural, incorporación de actividades innovadoras: 6 puntos
- c) Formas de financiamento dos proxectos e achegas económicas dos solicitantes, patrocinios, etc.. Valorarase o maior investimento de recursos propios do solicitante nos distintos proxectos presentados, así como a infraestrutura, equipamento e recursos con que conta a entidade para o devolvemento do proxecto: 3 puntos
- d) Antigüidade e posibilidades de continuidade do programa ou actividade en anos sucesivos. Experiencia acreditada na realización de propostas de similar natureza á que se presenta. 3 puntos
- e) Os resultados obtidos polos solicitantes en anteriores subvencións outorgadas polo Concello de Vigo, 3 puntos.

#### QUINTA: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES. PRAZO E DOCUMENTACIÓN.

1.- As solicitudes de subvención dirixiranse a Excm. Sra. Alcaldesa e presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, mediante a presentación da solicitude de subvención, nos impresos normalizados.

Durante todo este período e co obxecto de garantir a igualdade de oportunidades e a concorrència, as bases serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (art. 8.3 e 9.3 da Lei 38/2003 Lei Xeral de Subvencións, nos medios de

comunicación local e atoparanse expostas no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e no Rexistro Xeral, ademais de darlle cumprida publicidade á convocatoria na prensa local.

2.- Será imprescindible presentar a solicitude de subvención cuberta en todos os Modelos que figuran nos anexos II, III, IV, solicitude, proxecto/s de programación/s e ficha xeral da entidade respectivamente, e achegar a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do CIF ou NIF das ou dos solicitantes, segundo proceda.
- b) Certificación bancaria: incluírá o/a titular e o número de conta, nome da entidade e enderezo completo.
- c) Certificacións de estar ó corrente nos pagamentos ó Concello de Vigo, Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta e Axencia Estatal de administración Tributaria.
- e) Orzamento detallado de gastos e ingresos do/s proxecto/s presentado/s.
- f) Declaración responsable de que a entidade petionaria non se atopa incurso en ningunha das circunstancias a que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e polo tanto, cumpre todos e cada un dos requisitos que a mesma esixe para obter a condición de beneficiaria.

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

#### SEXTA.- TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E XESTIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

1.- A instrución do procedemento de concesión das subvención convocadas correspóndelle o departamento de Festas e Animación Sociocultural.

2.- Recibidas as solicitudes, procederase ó estudio destas e da documentación que debe de acompañalas. Se a solicitude, documentación e información presentada non reúne os requisitos esixidos nestas bases, o/a interesado/a será requirido/a para que no prazo de dez días, que se contarán dende a recepción da notificación, corrixa as faltas e achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, se desestimar á súa petición, que se arquivará sen máis trámites ó abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992.

3.- Rematada a instrución do expediente, este será remitido a Comisión de Avaliación, integrada polo concelleiro delegado de Festas e Animación Sociocultural que actuará como presidente, a técnica do departamento de Festas e Animación Sociocultural e o asesor xurídico da Área.

4.- A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes a que se refire o Párrafo 1º da Base Cuarta e valorando as restantes solicitudes, conforme o establecido no Párrafo 2º da mesma Base.

5.- A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local, a proposta do Órgano Instructor.

6.- As subvencións outorgadas polo concello ós proxectos presentados ó abeiro desta convocatoria non poderán exceder do 50% do custo definitivo da actividade á que se aplique.

#### SÉTIMA.- OBRIGACIONES:

1.- Os/as solicitantes de subvencións quedan obrigados/as a:

- a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- b) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.
- c) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

- d) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención .
- e) Estar ó corrente nos pagamentos ó Concello de Vigo, así como nos das restantes obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de ser o caso.
- f) Responder legalmente da veracidade dos datos expostos na solicitude e na documentación presentada.
- g) Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización de actividade subvencionada.
- h) Someterse o seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención que estime procedente levar a cabo a Concellaría de Festas e Animación Sociocultural, segundo o disposto no art. 46 da Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións.
- i) Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade das actividades e programas subvencionados, a participación da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.
- j) Se no financiamento interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.
- k) A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia; a Concellaría de Festas e Animación Socio-Cultural estudiará cál sería a lingua que empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

#### OITAVA.- COMPATIBILIDADE

A concesión de subvencións ó abeiro da presente convocatoria será compatible con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas, sempre que o seu importe global das mesmas non supere o custo total do programa ou actividade obxecto da subvención.

#### NOVENA.- PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

1.- O pagamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria e tramitarase unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, tras a presentación a través do Rexistro Xeral da seguinte documentación xustificativa:

- a) Solicitude de liquidación da subvención concedida.
- b) Memoria-avaliación da actividade ou programa subvencionado, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:
- Datos sobre os participantes na actividade: número de beneficiarios, perfil, etc
  - Explicación detallada do desenvolvemento da actividade.
  - Memoria de prensa.
  - Relación detallada de ingresos e gastos.
- c) Balance económico das actividade:

Gastos: Facturas orixinais polo importe subvencionado e fotocopia compulsada de facturas ata un importe equivalente ó dobre da subvención concedida. Neste sentido, non se admitirán facturas duplicadas, nin aquelas que non reúnan as condicións esixidas polo art. 6 do R.d. 1496/2003 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumben a empresarios e profesionais.

Os efectos do pago da subvención polo Concello considerarase gasto realizado o que fose efectivamente acreditado con calquer documento de validez xurídica con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nesta convocatoria e respondan á natureza da actividade subvencionada.

Ingresos.- Detalle das contías ingresadas por todos os tipos de conceptos: contribución económica da entidade beneficiaria da subvención ; contías das subvencións recibidas de institucións; achegas económicas doutros patrocinadores; ingresos diversos, contías e procedencia.

d) Cinco (5) exemplares de impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse este extremo.

e) Calquera outro que sexa solicitado polo Concello.

2.-Os xustificantes xunto coa solicitude de pagamento das subvencións concedidas deberá terse presentada no Rexistro Xeral do Concello con data límite de 10 de decembro.

3.- Procedera, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do beneficiario. A resolución da redución das axudas será competencia da Concelleira/o Delegado de Festas e Animación Sociocultural. Asemade, reduciráse a subvención cando os gastos xustificadas fosen inferiores a os subvencionados, ou se obtuésen ingresos superiores a os previstos.

4.- Os/as solicitantes da subvención terán que presentar a declaración responsable (anexo V) das bases.

5.- O persoal técnico do servizo será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á conta xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

#### DÉCIMA- REVOGACIÓN, RENUNCIA, REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR

1. Procede a revogación das subvencións concedidas en caso de:

a) Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, así como a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concurrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas máis o correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis.

b) A non xustificación da subvención no prazo concedido.

2. O beneficiario poderá renunciar voluntariamente a subvención, reintegrando, no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de tres meses a contar dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.

3. Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexeranse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no Título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro LRX-PAC, sen

*prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e disposicións de desenvolvemento.*

*4.- Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidas ás prescricións que en materia de control financeiro, reintegro e réxime sancionador por infraccións administrativas en materia de subvencións, establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

#### DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE

*As subvencións concedidas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, se o importe da subvención individualmente considerado, supera os 3.000 euros, ou no taboleiro de anuncios da entidade local nos restantes casos. En ambos casos expresarase o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.*

#### DECIMO SEGUNDA.-SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCION.

*O Concello de Vigo, polos medios que estime oportunos e conforme a Lei xeral de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo os cales se concedeu a axuda.*

#### DECIMO TERCEIRA.- DISPOSICIÓN FINAIS

*1.- O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.*

*2.- En todo aquilo non previsto na presente convocatoria estarase ó establecido nas disposicións legais vixentes aplicables en materia de subvencións.*

#### **71(290).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez e trinta horas. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez.